# EN RESUMIDAS CONTAS

## Proxecto de Orzamentos 2002

# ÍNDICE

**1. A ESTRATEXIA PRESUPOSTARIA**

Renovar a filosofía orzamentaria

Políticas equilibradas de gasto social e investimento

O desenvolvemento sostible

**2. A INCIDENCIA MACROECONÓMICA DO PRESUPOSTO**

A conxuntura internacional

A conxuntura europea

A conxuntura española

A situación de Galicia

O cadro macroeconómico de partida

**3. OS GRANDES OBXECTIVOS**

Acelerar a converxencia

Estimular a creación de emprego

Mellora do benestar social

Impulsar a sociedade da información e as novas tecnoloxías

**4. DINAMIZAR A ECONOMÍA**

O financiamento de infraestructuras

A promoción do comercio exterior

O investimento productivo

A promoción económica

Os instrumentos financeiros

As ferramentas para a predicción económica

**5. O PRESUPOSTO DO 2002**

Cadro macroeconómico

Evolución ingresos e gastos

**6. AS POLÍTICAS DE GASTO**

**7. OS GASTOS**
Gastos de persoal
Gastos en bens correntes e servicios
Transferencias correntes
Análise sobre o gasto corrente
As operacións de capital

**8. OS INGRESOS**
Ingresos tributarios
Os fondos europeos

**9. NOVIDADES LEXISLATIVAS**

# 1. A ESTRATEXIA PRESUPOSTARIA

# 1. A ESTRATEXIA PRESUPOSTARIA

## A ESTRATEXIA PRESUPOSTARIA

O comezo desta nova lexislatura supón enfrontar un reto fundamental para os galegos: seguir avanzando na senda da converxencia económica, fortalecer a creación dun emprego sólido, estable, e incrementar os niveis de benestar social. Ninguén dubida que Galicia se dispón a percorrer un treito decisivo da súa historia, cara a conseguir unha definitiva modernización integral das súas estructuras productivas, que faga posible unha mellora global da nosa competitividade económica.

Semella evidente que o labor do Goberno na política socioeconómica ten que apostar, rexamente, por acadar eses obxectivos básicos e esenciais. Dende este punto de vista, a tarefa orzamentaria convértese nunha ferramenta clave para forzar os ritmos de crecemento, que redundará nunha maior riqueza xeral.

Sen risco a equivocarse, pódese dicir que o orzamento para o 2002 supón a visualización dunha nova fase na política económica da Xunta. E isto dende dúas perspectivas, basicamente:

Por unha banda, o presuposto da Xunta para 2002 tenta rachar co escenario macroeconómico de partida e sentar as bases diferenciadoras para un renovado impulso cara ó incremento da converxencia e a xeración de emprego.

Por outra, o desexo do Goberno é acadar un sector público máis eficaz e eficiente, tanto na prestación de servicios como na instrumentación das políticas, o cal, ademais de mellorar a competitividade da nosa economía, pode liberar recursos que dedicar a outras atencións.

## Renovar a filosofía orzamentaria

Un obxectivo que cada vez é percibido con maior nitidez consiste na necesidade de acadar un sector público máis eficaz, tanto na prestación de servicios como na instrumentación das políticas, o cal, ademais de mellorar a competitividade da nosa economía, pode liberar recursos que adicar a outras atencións.

Nesta liña, resulta conveniente dispór de mecanismos e instrumentos que permitan definir e valorar, en termos de eficacia, as distintas accións do sector público, o que, en certa medida, equivale, a revisar as técnicas de elaboración presupostaria.

O punto de partida para a elaboración presupostaria está constituído pola identificación dun "mapa de obxectivos" que se pretenden acadar polo Goberno e ós cales o presuposto debe dar resposta.

Definidos os obxectivos, cómpre identificar tamén as políticas correspondentes a cada un daqueles e, en fases sucesivas, as accións e os créditos necesarios para a súa execución, producíndose, deste xeito, a ligazón entre obxectivos, medidas, accións e créditos presupostarios.

Trátase, pois, de identificar os grandes obxectivos, de explicitalos axeitadamente e de priorizar os recursos dispoñibles para a súa consecución.

## Políticas equilibradas de gasto social e investimento

Á hora de elaborar o presuposto de Galicia para o exercicio de 2002, resulta importante definir, en primeiro lugar, o conxunto dos recursos que deberán atribuírse ás políticas de gasto corrente, de gasto social e de contido productivo ou gastos de capital, para garantir unha distribución harmónica das disponibilidades presupostarias, evitando sesgos na súa distribuición que serían rexeitables.

Unha política de mellora permanente dos niveis de benestar que poida pór en dificultades a actividade productiva sería, máis no curto que no medio prazo, unha política inviable por carecer de base sobre a que apoiarse. A sostenibilidade destas políticas tornaríase precaria e dependería en exceso de transferencias de solidariedade doutras administracións que, obviamente, os escenarios en que nos movemos non permiten garantir indefinidamente.

Aplicar tódolos recursos dispoñibles ó apoio dos sectores productivos esperando que sexa o mercado quen reasigne os recursos que se xeran, equivalería a renunciar a unha política propia do apoio ós máis débiles e de mellora social, sen a certeza de que as forzas da economía a realizasen en contía e en tempo políticamente aceptables.

Por outra parte, o gasto social mextúrase con demasiada frecuencia co gasto corrente e se lle fai participar das connotacións pexorativas que adoitan acompañar este termo.

É certo que boa parte do gasto social é, ó mesmo tempo, gasto corrente e que, se acada volumes moi elevados, pode pór en risco a necesaria atención do gasto de capital, ó diminuír o aforro corrente que ten que financialo, afirmación certamente más válida, se nos movemos en escenarios de equilibrio presupostario.

Para ofrecer unha proposta equilibrada sobre estas cuestións cómpre analizar a distribución que resulta dos últimos exercicios presupostarios, distinguindo as políticas sociais dos demais gastos correntes.

## EVOLUCIÓN GASTO CTE/GASTO SOCIAL/GASTOS DE CAPITAL

| | 94 | Índice | 2001 | Índice |
|---|---|---|---|---|
| GASTO CTE. | 3.338 | 100 | 4.996 | 149,68 |
| GASTO SOCIAL | 2.433 | 100 | 3.799 | 155,49 |
| RESTO GASTO CTE. | 895 | 100 | 1.198 | 133,81 |
| GASTOS CAPITAL | 924 | 100 | 1.472 | 159.32 |
| GASTO NON FINANC. | 4.262 | 100 | 6.468 | 151,76 |

O cadro amosa que o gasto corrente medrou por debaixo do presuposto, aínda que cun desigual comportamento entre o gasto social e o resto do gasto corrente. En efecto, mentres o gasto corrente medrou cun índice do 149,68, o presuposto o fíxo ó 151,76. Nembargantes, o gasto social presenta un índice do 155,49, esto é 3,73 puntos por enriba do presuposto, o que determina que o resto do gasto corrente só pode presentar un índice do 133,81, que se alonxa en 17,95 puntos do crecemento presupostario.

A estratexia orzamentaria para este exercicio, e máis os vindeiros, consiste en manter un crecemento dos gastos correntes non sociais 3,5 puntos por debaixo do crecemento do orzamento, de xeito que tanto os gastos correntes de carácter social e os gastos de capital poidan manter taxas de crecemento superiores, especialmente naquelas políticas que se consideren prioritarias.

## O desenvolvemento sostible

Por outra banda, o Goberno está disposto a priorizar dentro da súa política económica o concepto de sostenibilidade. A aposta xa realizada pola Unión Europea para a elaboración dunha Estratexia de Desenvolvemento Sostible, ten que ser plenamente perceptible e visualizada polos cidadáns. Esta iniciativa, secundada por varios Estados comunitarios, vai ser obxecto de atención por parte do Estado e non tardará en ter resposta por parte doutras comunidades autónomas.

O concepto de desenvolvemento sostible, acuñado na Declaración de Río, rexeita calquera intento de asociar exclusivamente a sostenibilidade co medio ambiente, situándoa, xa que logo, directamente vencellada a un novo modelo de desenvolvemento. Convértese deste xeito no eixo das políticas en tres temas centrais: progreso social, sostenibilidade e uso racional dos recursos e desenvolvemento económico.

O desenvolvemento sostible asóciase na súa vertente social a dous cuestións esenciais: a erradicación da pobreza e a calidade de vida. O progreso social é a dimensión cualitativa do desenvolvemento e contempla un amplio abano de materias que remiten á calidade e acceso ós servicios públicos, ó papel das comunidades locais ou á especial atención a colectivos como mulleres ou xóvenes.

A sostenibilidade e uso racional dos recursos tenta ser unha garantía de continuidade e de permanencia no que atinxe ós niveis desexable de calidade devida e de relación co medio. Vincúlase á capacidade dos sistemas para consumir recursos e xerar residuos por debaixo da capacidade do medio para rexenerarse. Neste senso, non se trata só de conservar e preservar o medio, senón tamén de recuperalo e restauralo.

Polo que atinxe ó desenvolvemento económico, o principal desafío que conleva a sostenibilidade é facer máis sostible e equilibrado o actual desenvolvemento. O crecemento ten que respostar ós requisitos de protección do medio ambiente e de progreso social, pero ten que facelos extensibles ás relacións económicas no contexto de internacionalización.

# 2. A INCIDENCIA MACROECONÓMICA DO PRESUPOSTO

# 2. A INCIDENCIA MACROECONÓMICA DO PRESUPOSTO

## A conxuntura internacional

A evolución recente da economía internacional, que dende unha perspectiva macroeconómica completa se circunscribe aínda ó terceiro trimestre de 2001 caracterizouse fundamentalmente pola caída que experimentou o PIB da economía norteamericana, pola permanencia dunha situación de extrema debilidade na economía xaponesa, e por un novo deterioro da conxuntura económica na Unión Monetaria, todo o que configura un panorama de empeoramento na actividade económica mundial do que participan tamén os países emerxentes asiáticos e as principais economías de Iberoamérica. Como consecuencia da adversa evolución dos últimos meses, acentuada polo impacto adverso que exerceron sobre as espectativas económicas os acontecementos do pasado 11 de setembro, os principais organismos internacionais modificaron á baixa as súas previsións de crecemento para o ano 2002, de forma que a recuperación da actividade económica mundial, prevista inicialmente para 2001, posponse agora para este exercicio.

De tódolos xeitos, é importante notar que ningunha das previsións destes organismos contempla a posibilidade de que poida ter lugar unha recesión a escala mundial e os prognósticos apuntan en xeral cara unha recuperación da actividade económica que se iría consolidando a medida que avance este ano e que estaría apoiada sobre todo nos baixos prezos do petróleo – que permanecían situados en decembro no entorno dos 19 dólares por barril- e na importante reducción que experimentaron os tipos de xuro nas principais economías do planeta.

O deterioro da conxuntura internacional afectou tamén a Iberoamérica, aínda que con distinta intensidade segundo os países. A situación continúa a ser particularmente delicada en Arxentina, onde o bloqueo das contas bancarias e as dificultades para elaborar un plan económico coherente que goce do beneplácito do FMI e que permita saír ó país da crise provocaron unha grave crise social e serios problemas de abastecemento de productos básicos entre a poboación. A producción industrial caeu bruscamente en Arxentina, pero o ton de desaceleración é tamén notorio en Brasil, Perú, Colombia e México, e especialmente neste último país.

### A conxuntura europea

Dentro da zona euro, a situación é particularmente delicada en Alemaña, onde a taxa de crecemento interanual do PIB do terceiro trimestre de 2001 foi do 0'4%. Máis recentemente o Instituto Estatístico de Alemaña publicou unha primeira estimación provisional do crecemento do PIB para o conxunto de 2001, situándoo no 0'6%. Se esto fose así, o crecemento do cuarto trimestre sería negativo, confirmando a debilidade da situación económica alemana. En Francia e Italia, a actividade económica mantén un ton máis vigoroso, aínda que igualmente desacelerado: no terceiro trimestre, as taxas de crecemento interanual do PIB situáronse, respectivamente, no 2% e no 1'9%, o que supón en ambos casos unha reducción de dúas décimas con respecto ás que se acadaran no trimestre precedente.

**Previsións de Crecemento. Crecemento do PIB**
**Escenario para Europa (% crecemento anual)**

| | 2000 | 2001 | | | 2002 | | | 2003 | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | CE | CE | OCDE | FMI | OCDE | CE | FMI | CE | OCDE |
| | NOV. 01 | NOV. 01 | NOV. 01 | NOV. 01 | NOV. 01 | NOV. 01 | NOV. 01 | NOV. 01 | NOV. 01 |
| Bélxica | 4'0 | 1'3 | 1'1 | | 1'3 | 1'4 | | 2'8 | 2'6 |
| Dinamarca | 3'2 | 1'3 | 1'3 | | 1'6 | 1'3 | | 2'5 | 2'3 |
| Alemaña | 3'0 | 0'7 | 0'7 | 0'7 | 0'7 | 1'0 | 0'8 | 2'8 | 2'9 |
| Grecia | 4'3 | 4'1 | 3'9 | | 3'5 | 4'0 | | 4'2 | 4'3 |
| España | 4'1 | 2'7 | 2'7 | | 2'0 | 2'0 | | 3'2 | 3'2 |
| Francia | 3'1 | 2'0 | 2'0 | 2'0 | 1'5 | 1'6 | 1'3 | 2'6 | 3'0 |
| Irlanda | 11'5 | 6'5 | 5'6 | | 3'3 | 3'7 | | 5'5 | 6'4 |
| Italia | 2'9 | 1'8 | 1'8 | 1'8 | 1'3 | 1'2 | 1'2 | 2'7 | 2'8 |
| Luxemburgo | 9'5 | 4'0 | 4'0 | | 3'0 | 3'4 | | 5'4 | 5'9 |
| Holanda | 3'5 | 1'5 | 1'4 | | 1'5 | 1'6 | | 3'1 | 2'6 |
| Austria | 3'0 | 1'1 | 1'2 | | 1'2 | 1'5 | | 2'4 | 2'7 |
| Portugal | 3'4 | 1'7 | 1'9 | | 1'5 | 1'8 | | 2'3 | 2'8 |
| Finlandia | 5'7 | 0'5 | 0'4 | | 1'7 | 1'2 | | 2'9 | 3'4 |
| Suecia | 3'6 | 1'4 | 1'4 | | 1'6 | 1'6 | | 2'6 | 2'8 |
| Reino Unido | 2'9 | 2'3 | 2'3 | 2'3 | 1'7 | 1'7 | 1'8 | 3'0 | 2'5 |

Por outra banda, nestes momentos, e tralo descenso que tivo lugar en novembro, o tipo de xuro de intervención está situado no 3’25%, un punto e medio por debaixo do nivel vixente a comezos do ano pasado e 1’5 puntos por riba do tipo vixente en Estados Unidos. Non obstante, o diferencial de tipos de xuro, non supuxo unha melloría significativa na cotización do euro que nas últimas semanas se depreciou novamente con respecto ó dólar.

A desaceleración observada nos ritmos de crecemento das principais economías, así como o deterioro adicional das espectativas a raíz dos acontecementos do 11 de setembro, levou ós principais organismos internacionais a revisar as súas proxeccións de crecemento da economía mundial para este ano, que experimentan un substancial axuste á baixa con respecto ás vixentes ata hai uns meses.

O FMI sitúa agora no 0’7% o crecemento do PIB de Estados Unidos este ano, fronte ó 2’2% de hai tres meses. Así mesmo, a previsión de crecemento da zona euro en 2002 descende dende o 2’2% ata o 1’4%, mentres que para Xapón se estima un retroceso do PIB do 1’3%. As últimas previsións da OCDE sobre a evolución das principais economías durante o corrente ano son do mesmo tenor, xa que se anticipa para este ano un crecemento do 0’7% no PIB de Estados Unidos – que coincide coa previsión do FMI -, e do 1’4% na zona euro, así como un descenso do 1% no PIB da economía xaponesa. Sen embargo, a fase de desaceleración que atravesan as economías máis avanzadas concluiría segundo este organismo no ano 2002, xa que para o ano próximo anticípase unha forte recuperación na área da OCDE que sería especialmente intensa en Estados Unidos e na zona euro.

Máis recentemente, a Comisión Europea presentou tamén as súas previsións de outono para a zona euro, que supoñen así mesmo un recorte á baixa sobre as anteriormente vixentes. Para o corrente ano, a previsión de crecemento da Comisión Europea na zona euro sitúase no 1’4%, cifra que supera nunha décima ás previsións do FMI e da OCDE para a área. Segundo a Comisión, o PIB da economía española crecerá un 2% en 2002, estimación que coincide tamén coa avanzada pola OCDE para o noso país.

**Previsións de Crecemento. Crecemento do PIB. Escenario economía internacional. (% crecemento anual).**

| | 2000 | 2001 | | | 2002 | | | 2003 | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | CE | CE | OCDE | FMI | OCDE | CE | FMI | CE | OCDE |
| | Nov. 01 | Nov. 01 | Nov. 01 | Nov. 01 | Nov. 01 | Nov. 01 | Nov. 01 | Nov. 01 | Nov. 01 |
| UE | 3’3 | 1’7 | 1’7 | 1’7 | 1’4 | 1’5 | 1’4 | 2’9 | 3’0 |
| Zona Euro | 3’4 | 1’6 | 1’6 | 1’6 | 1’3 | 1’4 | 1’3 | 2’9 | 2’9 |
| EE UU | 4’2 | 0’9 | 1’1 | 1’1 | 0’5 | 0’7 | 0’7 | 3’4 | 3’8 |
| Xapón | 1’5 | -0’6 | -0’7 | -0’9 | -0’9 | -1’0 | -1’3 | 0’5 | 0’8 |

## A conxuntura española

De acordo coa Contabilidade Trimestral do INE, o PIB da economía española creceu un 2’6% no terceiro trimestre de 2001, cifra que se sitúa tres décimas por debaixo da acadada no segundo trimestre e que supón a continuidade do proceso de desaceleración iniciado a principios do ano pasado. Este menor crecemento foi tamén acompañado dunha menor creación de emprego, así como dunha reducción significativa das tensións inflacionistas. Na reducción do crecemento económico influíron tanto o peor comportamento da demanda externa neta como o menor dinamismo da demanda interna.

As exportacións de bens e servicios aumentaron un 2’2%, case a metade do que creceron no segundo trimestre. A desaceleración, que foi particularmente intensa no caso das exportacións de bens, produciuse con intensidade parecida en case tódolos mercados, e responde fundamentalmente ó notable deterioro que experimentou a conxuntura económica internacional nos últimos meses. Pola súa parte, as importacións de bens e servicios, aínda que tamén se desaceleraron, creceron aínda a unha taxa do 2’6%, determinando que a achega negativa da demanda externa neta ó crecemento económico se incrementase nunha décima pasando de –0’1 puntos a – 0’2 puntos.

A demanda interna experimentou un crecemento do 2’7% no terceiro trimestre, dúas décimas menos que no trimestre precedente. O gasto

en consumo final das administracións públicas é o único compoñente da demanda onde se acelerou o crecemento; o crecemento deste compoñente situouse no 3’6%, cifra que supera en dúas décimas a correspondente ó trimestre precedente e que estivo fundamentalmente motivada polo aumento dos gastos de persoal. O gasto en consumo final dos fogares creceu un 2’5%, só unha décima menos que no segundo trimestre; este comportamento estivo basicamente influído pola desaceleración que experimentou o compoñente alimenticio, xa que o compoñente non alimenticio mostrou en xeral unha tónica de estabilidade. O investimento en construcción continúa sendo o compoñente máis dinámico da demanda global, aínda que o seu ritmo de avance tamén se reduciu tres décimas; o crecemento do terceiro trimestre, situado no 5’6%, apoiouse fundamentalmente no forte ton expansivo do investimento en infraestructuras e en menor medida no investimento en construcción non residencial, xa que o investimento en vivenda vén mostrando recentemente unha tendencia claramente desacelerada. Por último, cabe destacar que o investimento en bens de equipo no terceiro trimestre – dun -3’1% - é o máis baixo dende 1994, e supera con moito ó rexistrado no trimestre anterior.

Polo que se refire á oferta, a desaceleración no crecemento foi así mesmo a tónica dominante en tódolos sectores productivos. O crecemento do VEB das ramas primarias situouse no 0’1%, un punto menos que no segundo trimestre; non obstante, cabe destacar que a rama gandeira repontou fortemente en termos nominais, podendo afirmarse que nestes momentos recuperouse do shock que padeceu o ano pasado. O VEB do sector industrial creceu a unha taxa do 1%, cifra que implica unha desaceleración de sete décimas con respecto á rexistrada no trimestre precedente e que se produce como consecuencia tanto do menor crecemento das exportacións como do afundimento do investimento en bens de equipo. O VEB do sector da construcción creceu un 5’4%, cifra practicamente igual á acadada no trimestre anterior e que como xa se apuntou ten o seu principal punto de apoio na notable aceleración que están experimentando nos últimos meses os investimentos en infraestructuras e, en particular, os investimentos en ferrocarrís, portos e urbanizacións. Por último, o VEB das ramas de servicios creceu só un 3’3%, só unha décima menos que no trimestre precedente; segundo os indicadores dispoñibles, o maior impulso ó crecemento do sector servicios proveu das actividades non orientadas ó mercado, xa que as orientadas ó mercado – sobre todo as

actividades de restauración e comercio – mantiveron unha tónica de desaceleración.

O menor crecemento económico traduciuse, como é lóxico, nun menor crecemento do emprego. En termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, o emprego aumentou un 2'3% no terceiro trimestre, o que supón unha desaceleración de dúas décimas con respecto ó crecemento observado no segundo. En termos da EPA, a creación de emprego non se moderou, xa que o seu ritmo de crecemento – un 1'8% - se mantivo ó mesmo nivel que no trimestre precedente. Dado que a poboación activa aumentou un 0'7%, o ritmo de reducción do paro tamén só se reduciu lixeiramente, situándose no terceiro trimestre no 6'2%.

A evolución dos prezos foi, xunto co control do déficit público, o aspecto máis positivo da conxuntura económica durante o terceiro trimestre, aínda que a evolución da inflación subxacente diste de ser satisfactoria. En promedio, a taxa interanual da inflación española situouse no 3'6% no terceiro trimestre, desacelerándose medio punto con respecto ó trimestre precedente. Este resultado debeuse en gran parte ó descenso dos prezos do petróleo, polo impacto que exerce nos prezos do transporte e da vivenda. Sen embargo, a inflación subxacente permanece situada no 3'7% no momento no que se publica este informe, un nivel sen dúbida preocupante que só poderá reducirse se os crecementos salariais se adaptan á favorable evolución que nos últimos meses está experimentando o IPC xeral.

## Novas previsións

En consonancia coas novas previsións formuladas polos organismos económicos internacionais e pola Comisión Europea sobre a evolución da economía mundial, que como sinalamos supuxeron un importante reaxuste á baixa sobre as anteriormente vixentes, o Programa de Estabilidade para o período 2001 – 2005, dado recentemente a coñecer polo goberno español, modificou tamén á baixa as previsións de crecemento da economía española, adaptándoas ás novas circunstancias que imperan na economía internacional.

Polo que se refire ó ano corrente, o crecemento previsto do PIB no escenario central, que en principio é o que se considera máis probable,

reduciuse dende o 2'9% ata o 2'4%, como consecuencia, fundamentalmente, dun comportamento menos expansivo da demanda interna que o inicialmente contemplado nos presupostos. Neste escenario central, o deflactor do PIB rexistra un crecemento do 2'8% e o crecemento do emprego sitúase no 1'1%, mentres que se mantén a previsión de equilibrio no saldo orzamentario.

Polo que se refire ó período 2003-2005, o Plan de Estabilidade sitúa o crecemento previsto do PIB no escenario central no 3% anual, o que iría asociado a un crecemento do deflactor do PIB do 2'4% anual, a un crecemento do emprego do 1'8% anual, e a un comportamento do saldo orzamentario que permitiría a obtención dun lixeiro superávit orzamentario nos anos 2004 e 2005.

### A situación de Galicia

No marco do notable empeoramento da actividade económica mundial, e en paralelo coa perda de dinamismo que tamén experimenta a economía española, o crecemento da economía galega volveu reducirse no terceiro trimestre, se ben cunha intensidade inferior á do trimestre precedente. Seguindo a pauta marcada polo menor dinamismo da demanda global, o crecemento do PIB situouse no 2'7%, cifra inferior en dúas décimas ó correspondente ó segundo trimestre, aínda que superior nunha décima ó que rexistrou a economía española no período que comentamos. Como era de esperar, a redución do ritmo de crecemento económico afectou negativamente ó emprego, mentres que, polo contrario, a inflación comezou a dar claras mostras de mellora que se consolidaron nos meses seguintes.

A poboación ocupada total experimentou un descenso do 0'1%, aínda que o feito de que a poboación ocupada non agraria aumentara aínda a unha taxa do 3'7% pon de manifesto, como tamén o corrobora a evolución das afiliacións á Seguridade Social, que o deterioro do mercado laboral se está producindo dun xeito algo máis compasado.

Pola súa parte, a inflación descendeu dende o 3'9% do segundo trimestre ata o 3'5% no terceiro, marcando unha tendencia descendente como consecuencia da favorable evolución dos prezos da enerxía. Estes, en síntese, son os aspectos máis relevantes da evolución da economía galega no terceiro trimestre, un período no que

o proceso de converxencia con España volveu a restablecerse mentres que con Europa mantense a intensa traxectoria de aproximación que caracterizou a súa evolución ó longo dos últimos anos.

Dende a perspectiva de demanda, o proceso de desaceleración proseguiu así mesmo durante o terceiro trimestre, sen que se detecten cambios importantes con respecto ás tendencias anteriores no que se refire á contribución ó crecemento da demanda interna e exterior. No que atinxe ó sector exterior, o ton de debilidade permanece a pesar do lixeiro reponte que experimentaron as exportacións e as importacións e da moderada recuperación do turismo. Polo que se refire á demanda interna, os aspectos máis destacables son a estabilidade que continúa mostrando o consumo privado, a recuperación que está experimentando o investimento público, e o ton deprimido que se advirte no investimento en equipo, que se superpón á tendencia descendente que presenta o investimento en construcción. A relativa fortaleza do consumo apoiase no reponte que experimentou a renda salarial real, xa que no terceiro trimestre a reducción da inflación en medio punto porcentual permitiu que se incrementara o poder adquisitivo en maior medida que no trimestre precedente. A recuperación do investimento público, que xa anticiparamos en anteriores informes, constitúe un dos aspectos máis positivos da evolución recente da economía galega; de momento, esta recuperación está sendo modesta, pero o forte crecemento que experimentou a licitación oficial en meses recentes anticipa unha intensificación da mesma ó longo deste ano. O investimento en vivenda rexistrou unha acusada desaceleración, e o investimento en construcción non residencial está tamén perdendo forza a un ritmo aínda máis rápido. Polo que se refire ó investimento en equipo, todo parece indicar que este compoñente da demanda continúa atravesando en conxunto unha fase contractiva, aínda que cun grado de intensidade probablemente inferior ó que se observa no conxunto do estado.

## Crecemento do PIB

Seguindo a pauta marcada pola demanda global, e en consonancia co perfil que mostra tamén a conxuntura económica española, o PIB da economía galega creceu a unha taxa interanual do 2'7% no terceiro trimestre, o que supón unha nova desaceleración con respecto ó crecemento acadado nos dous primeiros. En termos de VEB, o

crecemento situouse no 2’9% como consecuencia dun crecemento do 1% no sector primario, do 2’4% na industria, do 4% na construcción e do 3’1% no sector servicios. Analizando a evolución agregada do PIB dende unha perspectiva temporal, constátase sen embargo unha clara ralentización no proceso de desaceleración da economía galega, xa que a caída no ritmo de crecemento do PIB, que tivo lugar a razón de case catro décimas en promedio nos dous primeiros trimestres, quedou reducida a dúas décimas no terceiro. Dende unha perspectiva máis detallada da oferta, a contención sinalada no proceso de desaceleración foi debida ó novo reponte da actividade productiva primaria, ó ton fortemente expansivo das ramas non enerxéticas –fundamentalmente das industrias Transformadoras dos metais e mecánica de precisión– dentro do sector industrial, á mellora observada na construcción pública dentro do sector da construcción, e ó bo comportamento dos transportes, as comunicacións, o turismo e os servicios non comerciais dentro do sector servicios, xa que a producción de enerxía no primeiro caso, a construcción privada residencial e non residencial no segundo, e as actividades relacionadas co comercio por xunto e polo miúdo no terceiro, mantiveron unha tendencia máis contractiva.

O proceso de deterioro ó que está sometido o mercado de traballo dende comezos deste ano proseguiu no terceiro trimestre a pesar da notable reducción – moi por enriba da media española – que experimentou a taxa de paro. Este deterioro, que se manifesta tanto no descenso da poboación activa como no menor crecemento do emprego, responde en gran parte ó menor crecemento da actividade económica, pero é probable que estea recollendo tamén o impacto negativo do forte reponte – a un ritmo así mesmo moi superior ó promedio español – que experimentaron os custos salariais reais en Galicia ó longo dos últimos trimestres. De acordo coas cifras da EPA, no terceiro trimestre había en Galicia 1.143.700 persoas activas e 999.900 persoas ocupadas, polo que a cifra de paro estaba situada en 143.800 persoas e a taxa de paro sobre a poboación activa no 12’6%.

## Contabilidade Trimestral de Galicia

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | | 3º trimestre 2001 |
| Prezos Constantes (Base 1995)<br>Taxas de Crecemento Interanual da Ciclotendencia | | | | | | | | |
| | España | | | | | | | |
| | | 2000 | | | | 2001 | | |
| | 2000 | 1º | 2º | 3º | 4º | 1º | 2º | 3º |
| VEB A PREZOS BÁSICOS | | | | | | | | |
| Agricultura e Pesca | -1.8 | -0.8 | -2.1 | -2.4 | -1.7 | -0.4 | 0.5 | 1.0 |
| Industria | 5.5 | 5.6 | 5.9 | 5.5 | 5.1 | 4.2 | 2.9 | 2.4 |
| Construcción | 6.5 | 5.8 | 6.3 | 7.0 | 6.9 | 6.3 | 4.6 | 4.0 |
| Servicios | 3.7 | 4.3 | 3.8 | 3.5 | 3.3 | 3.2 | 3.1 | 3.1 |
| (Total non agrario) | 4.5 | 4.8 | 4.6 | 4.4 | 4.2 | 3.8 | 3.3 | 3.1 |
| Total VEB pb | 4.0 | 4.4 | 4.1 | 3.9 | 3.8 | 3.5 | 3.1 | 2.9 |
| PIB A PREZOS DE MERCADO | 3.9 | 4.4 | 4.0 | 3.7 | 3.6 | 3.3 | 2.9 | 2.7 |

En termos relativos, estas cifras implican unha reducción do 2’2% na poboación activa, do 0’1% na poboación ocupada, e do 14’8% no número de parados, aínda que convén por de manifesto que a reducción observada na ocupación está notablemente influída pola forte caída – nada menos que un 17’2%, case 30.000 persoas –que experimentou o emprego no sector agrario. Segundo os rexistros de afiliacións á Seguridade Social, o deterioro do mercado de traballo é moito menos drástico, aínda que tamén significativo. En efecto, a taxa interanual de crecemento das afiliacións situouse no 2’6% no terceiro trimestre, cifra só inferior nunha décima á do trimestre precedente pero moi inferior ás que en promedio viñan rexistrándose o ano pasado.

En materia de prezos e salarios, o terceiro trimestre caracterizouse fundamentalmente pola reducción que experimentaron as tensións inflacionistas, así como por unha certa aproximación dos ritmos de crecemento dos salarios cara ós niveis que deben considerarse adecuados en función das novas circunstancias que dominan o

panorama económico interior e internacional. No terceiro trimestre, o IPC de Galicia aumentou un 0’7% con respecto ó trimestre precedente, o que permitiu que a taxa interanual da inflación galega descendera dende o 3’9% ata o 3’5% e puidera manterse lixeiramente por debaixo da media española. Esta favorable evolución da inflación debeuse sobre todo ó bo comportamento que mostraron algúns grupos concretos do compoñente Non alimentación do IPC e en particular os de Transporte e as telecomunicacións, xa que tanto o compoñente Alimentación do índice como o conxunto dos elementos que interveñen na “inflación subxacente” continuaron mostrando aínda unha tendencia claramente alcista. Polo que se refire á evolución dos salarios, os datos máis recentes parecen indicar unha aproximación dos ritmos de crecemento salarial cara ós niveis que poden considerarse adecuados tendo en conta tanto a reducción da inflación como as novas circunstancias imperantes na escena económica internacional. Aínda que o incremento salarial pactado en convenios case non sufriu modificacións, o custo salarial, tanto por persoa como por hora traballada, experimentou en efecto unha reducción significativa con respecto ós niveis prevalecentes no segundo trimestre.

## Estimacións

Á vista destas tendencias, así como da recente evolución económica dos nosos principais mercados de exportación, estímase que as pautas de evolución da economía galega no tramo final do ano puideron ser as seguintes: a) polo que se refire ó sector exterior, estímase que a súa contribución ó crecemento se manterá relativamente estable, en liña co que tamén veu sucedendo ata o momento. No que respecta ó turismo, os datos dispoñibles confirman a continuidade da recuperación, pero a súa contribución ó crecemento económico sería a mesma polo reducido nivel da actividade turística en Galicia durante a tempada baixa. b) o consumo privado debeu de manter un ton relativamente sostido no tramo final do ano, xa que a progresiva mellora da inflación contribuíu a mellorar a capacidade de compra; o reponte das cotizacións bolsistas tamén podería haber exercido unha influencia positiva, aínda que o seu impacto cuantitativo sería en calquera caso moi limitado dado o carácter incipiente da recuperación bolsista. c) o investimento en vivenda mantivo con toda seguridade a traxectoria descendente que caracterizou a súa evolución ó longo dos trimestres

precedentes; o ciclo da construcción de vivendas ten as súas propias características,e a súa fase descendente acaba de empezar. d) o investimento en construcción non residencial continúa sometido a forzas de signo contraposto, xa que a traxectoria marcadamente descendente do investimento privado en construcción non residencial compite cunha tendencia cada vez máis favorable do investimento público, tanto en edificación como en enxeñería civil; polo de agora, é probable que prevaleza o impacto contractivo, pero á vista da evolución recente da licitación oficial, que está experimentando crecementos espectaculares, o investimento público podería converterse, como xa está ocorrendo no conxunto do estado, no principal soporte da actividade constructora. e) por último, cabe esperar que o investimento en equipo continuará sendo o compoñente máis contractivo da demanda global, xa que os acontecementos do 11 de setembro deberon de afectar, como o reflicten os resultados das enquisas de opinión ás que xa fixemos referencia, moi negativamente ás espectativas.

En conxunto, estímase que o PIB da economía galega pode rexistrar no conxunto do ano 2001 un crecemento promedio da orde do 2'8%.

En relación ó comportamento do mercado de traballo, cómpre sinalar que recentemente o INE realizou cambios na Enquisa de Poboación Activa encamiñados a unha mellor medición do emprego. Fundamentalmente os devanditos cambios refírense a:

1. Aplicación de novas proxeccións de poboación que recollen o impacto da inmigración e que sustitúen ás proxeccións do Censo-91.

2. Reponderación, modificando os factores de elevación de maneira que a poboación por sexo e idade calculada de cada Comunidade Autónoma se axuste ós datos de proxeccións, có fin de atenuar os efectos da falta de resposta.

3. Algunhas das medidas de busca de emprego consideradas como activas deixan de selo.

Como consecuencia de todo elo a evolución do mercado de traballo en canto ocupados é a seguinte:

| | 1999 | 2000 | 2001 |
|---|---|---|---|
| Ocupados | 988’5 | 1.035’4 | 1.062’3 |
| Taxa de variación (%) | 2’8% | 4’7% | 2’6% |

De confirmarse estas cifras, o crecemento da actividade económica e do emprego suporían unha importante desaceleración con respecto ás taxas acadadas no ano 2000, aínda que en termos de PIB por habitante implicarían un lixeiro avance no proceso de converxencia con España e un novo salto adiante no proceso de converxencia coa Unión Monetaria Europea nun ano no que a conxuntura económica internacional, e en consecuencia a coxuntura dos mercados exteriores dos productos galegos, experimentou un considerable deterioro.

## O cadro macroeconómico de partida

Así pois, ó comezo do ano 2002, o escenario macroeconómico de partida para Galicia neste exercicio presentaría unhas características moi semellantes ás rexistradas ó longo do ano 2001, aínda que cunha menor intensidade no crecemento.

O crecemento da economía galega durante 2001 semella que pode acadar unhas taxas iguais ás que vai presentar a economía española. Este comportamento da economía galega susténtase nun crecemento do gasto en consumo final dos fogares dun 3,1%, nun incremento da formación bruta de capital do 6,7% e nunha aportación do sector exterior ó incremento do PIB do –1,1%.

Pola súa banda, a creación de emprego acadou, en termos de EPA un 2,6%, o que supón case 27.000 empregos netos..

Asi pois, de manterse unha configuración presupostaria meramente tendencial, e tendo en conta as previsións formuladas tanto polo noso entorno exterior, como pola economía española, as simulacións efectuadas en base ós modelos PREGAL e Galicia Século XXI, amosarían os seguintes resultados:

- Un crecemento do PIB do 2,4%.
- Un crecemento do emprego do 1,7%.

Desglosando este comportamento do PIB dende a óptica da demanda, estímase un crecemento do investimento inferior ó do exercicio anterior, unha ralentización no ritmo de expansión do consumo, que se situaría nun 2,6%, mentres que se mantería estable a aportación do sector exterior.

**CADRO MACROECONÓMICO DE GALICIA**
**(Reflectiría a situación inicial sen a intervención do presuposto)**

| | 2001 | 2002 |
|---|---|---|
| Gasto en consumo final dos fogares | 3.1 | 2.6 |
| Gasto en consumo final das AA.PP. | 2.0 | 2.0 |
| Formación Bruta de Capital | 6.7 | 5.7 |
| Exportacións | 3.8 | 5.1 |
| Importacións | 5.5 | 6.3 |
| Saldo Exterior (contribución ó crecemento do PIB) | -1.1 | -1.1 |
| PIB pm | 2.8 | 2.4 |
| Emprego | 2.6 | 1.7 |

As simulacións aludidas manifestan que o comportamento da economía galega no 2002, de non mediar unha decidida actuación da Xunta a través dos seus orzamentos, se situaría no mesmo nivel que o crecemento da economía española (2,4%) e en taxas lixeiramente superiores de creación de emprego.

## CADRO MACROECONÓMICO DE ESPAÑA

| | 2002 |
|---|---|
| Gasto en consumo final dos fogares | 2.2 |
| Gasto en consumo final das AA.PP. | 2.0 |
| Formación Bruta de Capital | 3.3 |
| Exportacións | 4.5 |
| Importacións | 4.6 |
| Saldo exterior (contribución ó crecemento do PIB) | -0.1 |
| PIB pm | 2.4 |
| Emprego | 1.1 |

Fonte: Ministerio de Economía. Actualización 7/XII/01

Diante desta situación, o presuposto da Xunta para 2002 tenta rachar con este escenario macroeconómico de partida e sentar as bases diferenciadoras para un renovado impulso cara ó incremento da converxencia e a xeración de emprego.

# 3. OS GRANDES OBXECTIVOS

## 3. OS GRANDES OBXECTIVOS

Con estas estimacións non semella posible conseguir o obxectivo final de situar no horizonte do ano 2015 o PIB *per cápita* de Galicia no 90% do PIB *per cápita* de España e no 80% do PIB *per cápita* da Unión Europea.

É preciso, en consecuencia, e de acordo coa filosofía orzamentaria sinalada, realizar unha actuación que permita mellorar as perspectivas macroeconómicas. Así, os obxectivos básicos deste orzamento de 2002 son os seguintes:

- **Acelerar a converxencia económica.** É necesario aumentar o diferencial de crecemento con España. Así, o obxectivo é que o crecemento do PIB sexa, a medio prazo, medio punto superior ó crecemento español e entre 1,2 e 1,4 puntos máis que a media da Unión Europea, se nun horizonte razoable de tempo queremos acercarnos ó 90% do PIB por habitante español e o 80% do PIB europeo (Europa 15). Durante este exercicio, o diferencial de crecemento respecto da economía española preténdese situar nos 0,2 puntos porcentuais positivos, cunha senda de crecemento relativa ó longo do exercicio, a medida que fructifiquen os diferentes mecanismos de actuación contemplados, coa finalidade de forzar o ritmo de crecemento.

- **Estimular a creación de emprego.** Se no ano 2000, o crecemento do emprego foi importante e no ano 2001 finaliza cunha taxa do 2,6%, é preciso adoptar medidas que permitan incrementar a taxa inicialmente prevista do 1,7%, coa finalidade de consolidar unha senda positiva de xeración de emprego, ó mesmo tempo que deben primarse aquelas accións que axuden a que o emprego sexa estable e de calidade. Sen esquecermos de facilitar ós xóvenes a súa incorporación ó mercado de traballo.

  Neste senso, os obxectivos pasan pola creación de aproximadamente 22.000 novos postos de traballo (un 2% de crecemento) e lograr unha taxa de estabilidade no emprego no sector privado superior nun 1,5 puntos á media dos dous últimos exercicios.

- **Mellora do benestar social.** Os dous puntos anteriores non poden ser óbice para que se pretenda acadar un mellor benestar social,

atendendo ás políticas en beneficio da familia e as persoas maiores, á loita contra a exclusión social e adicando unha atención especial ó colectivo de galegos emigrantes con residencia en determinadas áreas afectadas por situación de crise.

- **Sociedade da información e novas tecnoloxías.** A dinamización da demanda de tecnoloxías de comunicación, o investimento en infraestructuras de telecomunicacións, nun marco de competencia, así como o fomento da industria de contidos dixitais, e o aumento á accesibilidade a Internet, nos poden facer avanzar na modernización do noso tecido productivo, na competitividade e a xeración de emprego estable e de calidade.

## Acelerar a converxencia

O obxectivo básico consiste en medrar, a medio prazo, medio punto por enriba da economía española e entre 1.2 e 1.4 puntos máis que a economía da Unión Europea. Este cobizoso obxectivo só será posible se se articulan unha serie de medidas que posibiliten o seu logro.

De aí que o presuposto da Xunta para 2002 se propoña actuar tanto dende as políticas de demanda como dende a perspectiva da oferta.

### *A. Políticas de demanda*

A través de políticas de demanda, o que se pretende é lograr tanto un incremento do investimento, como a reducción da aportación negativa do sector exterior.

### *O incremento do investimento*

O incremento do investimento pasa necesariamente por unha actuación en dúas frontes:

- Por unha parte, un aumento do investimento público.
- Por outra banda, un maior apoio ó investimento privado.

A súa vez, o incremento do investimento público esixe unha actuación en varios eidos:

a) A elaboración dun Plan de Transportes e Comunicacións Estratéxico de competencia da Xunta, co que se intentaría conectar os núcleos productivos, integrar a costa coas grandes redes de comunicación e buscar a integración dos distintos sistemas de transporte.

b) Definir a cooperación e coordenación coa Administración central e as administracións locais e provinciais.

c) Cooperación coa iniciativa privada, creando un grupo de traballo para identificar proxectos autofinanciables e definindo os instrumentos de xestión.

Polo que atinxe ó apoio ó investimento privado, trátase do seguinte:

a) Favorecer a creación de novas empresas, establecendo prioridades en función da rama de actividad, da súa localización e do emprego xerado.

b) Ampliar a capacidade das empresas existentes, concretando o volume de apoio en función dos sectores de actividade e do emprego xerado.

c) Mellorar a competitividade do conxunto do tecido productivo.

d) Programa especial de captación de grandes proxectos con capacidade de arrastre.

e) Creación de Parques Empresariais e Plataformas Loxísticas en puntos estratéxicos, que faciliten a instalación de novas empresas.

***Aportación do sector exterior o crecemento do PIB***

O obxectivo neste apartado consiste en reducir a aportación negativa do sector exterior, que no ano 2001 foi do –1,1%, ata situalo no –0,9% no ano 2002.

A este fin, é necesario identificar mercados e productos potenciais nos que Galicia poida estar en condicións de competir, ó tempo que se diversifica o contido das nosas exportacións.

## *B. Políticas de oferta*

### *Avanzar na política de Clusters*

No Plan Estratéxico de Desenvolvemento de Galicia (Pedega) a selección dos clusters realizouse a partir de consideracións estratéxicas, tendo en conta o grao de implantación en Galicia e a súa incidencia, directa ou indirecta, no emprego, pero especialmente polas oportunidades potenciais de ir configurando complexos ou agrupamentos de actividades interrelacionadas, que servisen para asentar as posibilidades de futuro da base industrial de Galicia.

Por eso, convén seguir profundizando no principio estratéxico de redes integradas de actividades, que impliquen cooperación interempresarial ó redor de proxectos conxuntos capaces de ir desenvolvendo unha dinámica sostida de crecemento competitivo e con proxección exterior.

Neste senso, os complexos prioritarios de actuación seguen a ser o Agro-Gandeiro, o Forestal-Madeira, o complexo Mar-Industria, o Naval, o complexo da Automoción, o de Téxtil-Confección ou o da Pizarra e Pedra Natural.

### *Sector turístico*

a) Potenciar as medidas dirixidas á captación de visitantes, tanto a través do aumento da publicidad, como dos contactos con “tours operadores” ou establecendo rutas turísticas.

b) Medidas de infraestructura turística, aumentando a oferta hosteleira e a oferta de Turismo Rural, prestando, ademais, especial atención ó turismo de ocio e ó termalismo.

c) Promover unha marca de calidade, a cal se poidesen acoller restaurantes, hoteles, hostais, casas de turismo rural, que garantizaran atención, calidade e prezos.

*Servicios avanzados a empresas*

Prestando apoio á externalización de determinados servicios e primando o devandito apoio, cando os servicios sexan prestados por empresas radicadas en Galicia.

*Servicios de apoio ás familias*

Intimamente conectado co obxectivo de mellora do benestar social.

## Estimular a creación de emprego

Aínda que o anterior obxectivo de acelerar a converxencia, coa previsión de crecemento de medio punto por enriba da economía española, a medio prazo, conleva de seu un incremento na xeración de emprego, o presuposto da Xunta para o ano 2002 non se contenta só con esa realidade.

De feito, o que se trata é de incrementar, aínda máis, eses niveis de creación de emprego a través de varias medidas que potencien o mercado laboral. Así, o que se pretende é:

a) Avanzar no cumprimento da promesa electoral de que o final da presente lexislatura, tódolos xóvenes con máis de seis meses en paro, dispoñan dun contrato laboral dun ano de duración.

b) Condicionar os apoios ás empresas definidos no obxectivo anterior a unha xeración de emprego estable e cunha dimensión maior ca que se deduce das ratios de investimento/creación de emprego, contidas nos modelos PREGAL e Galicia Século XXI.

c) Redefinir os incentivos á estabilidade no emprego.

d) Definir un plan de formación laboral integrada.

## Mellora do benestar social

Dentro deste apartado, cómpre distinguir varios eidos de actuación.

### *A. Política familiar*

Dentro deste apartado son varias as accións a desenvolver:

- Axudas fiscais e subvencións ás familias con fillos.
- Construcción de novas garderías que axuden á conciliación da vida familiar e laboral. O obxectivo sería dispór dunha oferta de 20.000 plazas ó remate da lexislatura.
- Políticas de acceso á vivenda para os xóvenes, que favoreza, xunto coa súa inserción no mercado laboral, a constitución de novos núcleos familiares.

### *B. Loita contra a exclusión social e a pobreza*

- Prestando especial atención ás persoas sen fogar.

### *C. Plan Galego das Persoas Maiores*

- Prestando especial atención ó Plan de Intervención Social dos Maiores no Medio Rural.
- Potenciación do programa de acollida familiar, tendo como obxectivo acadar 400 novas acollidas no ano 2002.
- Concertación de novas plazas residenciais no Medio Rural.
- Vivendas comunitarias

Estes dous últimos puntos definiranse en concertación coa iniciativa privada.

### *D. Emigración*

- Favorecendo o retorno dos xóvenes para a súa incorporación ó mercado laboral, así como a creación dunha Fundación, que tería por obxecto canalizar tódalas actuacións tendentes a mellorar a situación dos emigrantes.

## Sociedade da información e novas tecnoloxías

A xeneralización das novas tecnoloxías da información e os investimentos en Investigación, Desenvolvemento e Innovación (I+D+I), tanto de carácter público como privado, non son só un obxectivo nos nosos días; pasan a ser un auténtico e imprescindible instrumento de tódolos órdenes da vida, dende a educación, a difusión da cultura, pasando pola organización da vida diaria e a competitividade das empresas.

Deste xeito, as prioridades da actuación presupostaria na tarefa do Goberno pasan por:

***Promoción da Sociedade da Información, actuando en dúas frontes:***

a) mellora das condicións de acceso a Internet

b) lograr como obxectivo na presente lexislatura chegar á media nacional de utilización de Internet nos fogares.

c) Poñer en marcha un plan piloto de acceso a Internet no Medio Rural.

***Consolidación do sector audiovisual.***

Por outra banda, a plena implantación da economía do coñecemento constitúe un gran obxectivo imprescindible para un desenvolvemento sostible. O proceso da innovación baseada no coñecemento é unha peza clave na competitividade empresarial. De aí a importancia de pular polo desenvolvemento dun sistema Ciencia/Tecnoloxía/Empresa, que tería os seguintes obxectivos:

- Incrementar os recursos humanos adicados a I+D, en 550 persoas, entre o sistema público e as empresas
- Potenciar a transferencia de tecnoloxía do sistema público de I+D ó tecido empresarial, duplicando o número actual de proxectos empresarias executados polo sistema público de I+D.
- Potenciar o entorno tecnolóxico, aumentando o número de proxectos de I+D consorciados, ata un mínimo de 20 anuais, así

como aumentar o número de proxectos empresariais executados polos centros tecnolóxicos ata 20 anuais, como mínimo.

- Impulsar a participación empresarial, en especial das Pemes, nas actividades de I+D+I, ata elevar ó 50% a compoñente empresarial no gasto en I+D, así como incrementar o número de proxectos empresariais ata un mínimo de 400 anuais.

Todas estas actuacións vencelladas á economía do coñecemento instrumentaríanse a través do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica.

# 4. DINAMIZAR A ECONOMÍA

# 4. DINAMIZAR A ECONOMÍA

A posta en marcha dunha nova fase da política económica ten que incluír unha nova priorización de obxectivos, de xeito que os recursos orzamentarios estean dirixidos cara aquelas actuacións que sexan capaces de xerar un maior valor engadido. Só desta maneira se pode aspirar a conseguir unha nivelación socioeconómica cos países do noso entorno, nun marco temporal razoable.

Os criterios ordenadores desta nova fase han ser os seguintes:

- Ordenar a política económica a favor dos motores de crecemento, aínda que tendo en conta o obxectivo dun desenvolvemento equilibrado.

- Incidir nas políticas de "ambiente", fronte ás políticas sectoriais, definindo dentro destas aqueles proxectos que se poden chamar "nucleares".

A fixación destas actuacións prioritarias e a definición a partir delas de proxectos que se poden considerar "nucleares", ten que facerse logo dunha profunda análise.

## O financiamento de infraestructuras

A existencia dun axeitado "stock" de capital é condición *sine qua non* para abordar un proceso de converxencia e modernización nun determinado territorio. Deste xeito, un dos piares que definen a nova estratexia da política económica, reside na busca de fórmulas que permitan garantir, no financiamento de proxectos investidores de infraestructuras, tanto o máximo nivel de recursos financeiros posibles, coma o máximo aproveitamento deles. O que se pretende, en definitiva, é buscar fórmulas de colaboración entre o sector público e o sector privado.

### Colaboración sector público-sector privado

A xeito de exemplo desta colaboración entre o sector público e o sector privado no financiamento de proxectos, pódense citar as fórmulas de capital risco, determinadas fórmulas de atención social –

nomeadamente, no relativo a residencias da terceira idade-, ou a introducción de fórmulas de copagamento na construcción de infraestructuras.

Dentro da colaboración entre o sector público e o sector privado, resalta cada vez máis a búsqueda de fórmulas que permitan un financiamento mixto naqueles proxectos que, tendo un elevado nivel de rendibilidade social, poidan presentar, simultaneamente, argumentos socioeconómicos que faciliten a colaboración da iniciativa privada.

## A promoción do comercio exterior

No contexto do proceso de globalización económica e internacionalización dos mercados, a proxección exterior da economía galega e das nosas empresas constitúese nun auténtico reto para a Xunta, dentro da súa aposta pola modernización empresarial, o crecemento económico e o benestar social.

Por outra banda, a contabilidade anual amosa un déficit no sector exterior galego, consecuencia basicamente do resultado do comercio co resto de España. Trataríase, xa que logo, de corrixir este comportamento, para reducir a aportación negativa do sector exterior, que no ano 2001 foi do –1,1%, ata situalo no –0,9% no ano 2002.

Semella obvio, que todo proceso exportador debe responder, e dende o Goberno así se entende, ós criterios dun marco de política económica exterior, no que se establezan ou definan os posibles productos exportables, as empresas con maior potencial exportador, así como os instrumentos ou mecanismo de apoio para a saída ós mercados externos. Trátase, en definitiva, de contribuír á constitución dunha cultura exportadora.

Convén lembrar, neste senso, que o 80% das exportacións galegas teñen como destino a UE, sendo os principais países receptores Francia e Portugal, e as provincias de saída, Pontevedra e A Coruña.

Cabe falar, pois, dunha feble apertura ó comercio internacional por parte da gran maioría das actividades productivas galegas e, loxicamente, dunha feble competitividade delas. Se desexamos superar

esta situación, por elevación, e recoñecendo os logros conseguidos no grao de apertura da nosa economía, faise necesario establecer novos parámetros no que antes se denominou cultura exportadora.

Pero non podemos esquecer que o comercio co resto de España supón un importante reto para os nosos productos e para as nosas empresas. É aí onde convén facer un esforzo engadido, pois, aínda, empresas e productos, poden atopar importantes “nichos” de mercado. De feito, a meirande parte, a parte máis voluminosa, das nosas exportacións van ó “resto de España”, con 1,3 billóns de facturación no ano 1998, por exemplo. E algo semellante ocorre coas nosas importacións, das cales un valor de 1,8 billóns procede do “resto de España”.

É importante ser consciente de que no propio mercado español existen rótulos ou parcelas nos cales España solicita ó exterior unha serie de productos, que poderían ser abastecidos por empresas galegas, logo dos correspondentes estudios de mercado, aspecto importante tamén para unha futura planificación da nosa actividade exportadora.

Hai que establecer os instrumentos precisos para que a política exportadora responda a unha programación de alcance, que dea respostas ós novos retos de competitividade nun universo globalizado.

Hai que coñecer qué productos poden ser exportables; hai que saber cál é o potencial exportador das nosas empresas en razón da súa especialización productiva e da súa presencia no mercado galego e nacional; será preciso acometer unha formación especializada do noso empresariado pequeno e mediano en materia exportadora; e será conveniente concentrar esforzos e recursos por parte dos diversos órganos e institucións que funcionan para promover o comercio exterior, para acadar unha maior eficacia exportadora.

## O investimento productivo

No Plan Estratéxico de Desenvolvemento de Galicia (Pedega) prevese unha reformulación de prioridades, dado que os resultados obtidos na pasada década poñen de manifesto que ámbitos concretos de actuación evolucionaron mellor que outros. Esto tradúcese, en resumo, en impulsar a transición dende un modelo de promoción económica, baseado na dotación dos factores productivos, a un modelo máis

centrado na innovación e no investimento, coa finalidade de apoiar o desenvolvemento do tecido productivo galego.

Estas prioridades, como non pode ser doutra maneira, han contar con suficientes dotacións financeiras e ser administrados de acordo coas novas formulacións da política económica. Así, as políticas de crecemento non se orientan tanto á reducción de custos empresariais, aínda que este sexa un obxectivo necesario, senón á creación dun ambiente e unhas condicións socioeconómicas que permitan aumentar a productividade das empresas, estimular a súa promoción e desenvolver as posibles vantaxes competitivas do tecido empresarial.

### Sector público animador

En definitiva, trátase de pór en funcionamento *políticas nas que o sector público interventor deixe paso ó sector público animador*, escenario no que os proxectos han estar abertos á participación privada, maximizando deste xeito os recursos financeiros, tanto ó servicio das políticas sociais como de crecemento, e obtendo así importantes sinerxías.

Por outra banda, o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) ten un especial empeño no achegamento ás pemes: de aí a posta en marcha das oficinas territoriais e a incorporación dos seus programas de axuda á páxina Web do Instituto, como soportes para asegura-lo seu acercamento ó conxunto empresarial galego. Mais esta política de proximidade apóiase nuns contidos específicos, centrados en tres grandes instrumentos, cada un deles cun obxectivo perfectamente diferenciado:

- Primeiro é o *programa de apoio ó investimento productivo* con creación de emprego estable, destinado a incentivar e apoiar os investimentos de certo volume, de xeito que constitúan espectativas salientables de incremento de actividade e creación de postos de traballo de carácter estable.
- O segundo pilar da promoción económica é o *fomento da creación de novas empresas e novas actividades innovadoras* na nosa Comunidade Autónoma, a través do Programa de Emprendedores.

- En terceiro lugar, as Pemes galegas dispoñen dun instrumento especialmente concibido para impulsar a consolidación empresarial pola vía da *mellora competitiva*.

## A promoción económica

Na tarefa de promoción económica, como axencia de desenvolvemento rexional, xoga un papel determinante o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape).

Así, na nova estratexia de apoio ós proxectos productivos, vanse priorizar:

- As espectativas investidoras das empresas, en base á situación da conxuntura económica, como se se tratase dun instrumento anticíclico, de xeito que estas poidan ser maiores cando a tendencia investidora sexa decrecente ou menores en etapas de crecemento.

- Os proxectos de investimento que impliquen a creación e implantación de novos proxectos empresarias en Galicia, fronte ós que supoñan a ampliación ou mellora dos xa existentes, co fin de dispor dunha ferramenta claramente belixerante á hora de favorecer a implantación na nosa Comunidade de novas empresas.

- As actuacións que acometan as Pemes cara a asegurar a súa capacidade competitiva nun mercado globalizado, de xeito que as axudas sexan máis relevantes, se as súas actuacións están encadradas nunha análise previa e nunha definición integral das súas estratexias empresariais a medio e longo prazo.

- O ámbito sectorial no que se encadra o proxecto, discriminando de xeito significativo os apoios cara os sectores máis competitivos e cun maior valor engadido.

- O ámbito territorial no que se promova o proxecto empresarial, buscando a definición dos espacios territoriais prioritarios en función do obxectivo de conseguir un desenvolvemento económico territorial equilibrado.

### Servicios ás empresas

Por outra parte, cómpre completar os programas de axuda nos ámbitos complementarios das subvencións a fondo perdido, desenvolvendo renovadas actuacións en materia de prestación de servicios ás empresas, especialmente en:

- Realización de diagnósticos ás pemes, que lles aporten as reflexións necesarias respecto da súa actividade e lles aconsellen as estratexias a adoptar a curto e medio prazo.

- Realización de estudios sobre as potencialidades individuais das nosas pemes nos mercados exteriores, xunto co asesoramento das distintas fórmulas financeiras existentes no mercado para facilitar a súa saída ó exterior.

- Asesorar e realizar os estudios previos á implantación en Galicia de novas empresas, tanto emprendedores coma empresas non domiciliadas en Galicia e que se formulen desenvolver un novo proxecto empresarial na nosa Comunidade.

## Os instrumentos financeiros

O que se pretende é optimizar a aplicación dos instrumentos financeiros xa existentes, mediante a coordinación Igape-XesGalicia e as súas relacións coas entidades financeiras e sociedades de garantía recíproca ou, mesmo, implementar outros de nova definición, combinando a utilización das tres opcións existentes: capital risco, préstamos e garantías.

Neste senso, convén subliñar:

### Micro*créditos* para empresas

Detéctase en Galicia a necesidade de establecer un mecanismo axeitado que facilite o acceso ós recursos financeiros daquelas pequenas empresas que, pola escasa contía dos préstamos que precisan para afrontar gastos de investimento para a súa modernización e mellora competitiva, e diante a dificultade de aportar

garantías suficientes, non atopan resposta axeitada nos mercados financeiros.

### Colaboración coas SGR

Trátase de completar e desenvolver tódalas ferramentas existentes dirixidas a asegurar a accesibilidade ós recursos financeiros necesarios para a consolidación e mellora das pemes, con carácter xeral, e para determinados sectores estratéxicos, mediante o desenvolvemento de convenios de colaboración coas institucións financeiras e as sociedades de garantía recíproca (SGR), que permitan unha axeitada coordinación de tódalas institucións implicadas nesta materia, co obxectivo de configurar un sistema sólido e diversificado en materia de concesión de préstamos e garantías.

### Atención a emprendedores

Co *Programa Emprendedores* do Igape téntase facer realidade un triple obxectivo: incrementar o número de persoas dispostas a crear empresa en Galicia; dar valor social á figura do empresario, mostrándoo como unha persoa que, a partir do seu esforzo, aporta riqueza e emprego á sociedade; e animar ós empresarios a pór en marcha proxectos innovadores en novos segmentos de actividade.

O Programa Emprendedores intenta ser un marco de apoio integral para empresarios e para iniciativas empresariais.

Dende o punto de vista financeiro, este programa supón un avance significativo na posta en vigor dos instrumentos existentes: se ata agora os emprendedores podían acollerse ás axudas financeiras de natureza xeral, en adiante atoparán no Igape un programa específico, deseñado especialmente para eles, cun estudio integral, que ten en conta as necesidades peculiares dos emprendedores.

### Atención ó sector audiovisual

Tampouco non se pode esquecer o apoio ás actividades articuladas en torno ó audiovisual, sector que ten experimentado en Galicia un notable crecemento durante os últimos anos, aproveitando os impulsos

procedentes do importante desenvolvemento das telecomunicacións na Comunidade Autónoma. Do aumento da producción en tódalas liñas —televisión, cine, multimedia, vídeo ou publicidade—, vai depender que Galicia se poida situar no terceiro lugar nacional, tras Barcelona e Madrid, deste sector, para o que se conta con empresarios, técnicos especializados e boas perspectivas.

Neste senso, proponse unha liña de préstamos para apoiar a producción cinematográfica e outros productos audiovisuais –programas de televisión– ou de carácter multimedia.

## As ferramentas para a predicción económica

O deseño e seguimento dunha política económica, nomeadamente nesta nova fase para Galicia, precisa da existencia dunha serie de instrumentos científicos e básicos que garantan un estudio serio e rigoroso das previsións de contido socioeconómico. Neste punto é fundamental o traballo a realizar polo Instituto Galego de Estatística.

A intención da Xunta é reforzar dúas ferramentas básicas:

- O modelo GS21 (Galicia Século XXI). Ten como principal obxectivo reproducir o comportamento global do sistema socioeconómico de Galicia, mediante o funcionamento interrelacionado da multiplicidade de mecanismos parciais que o compoñen, e dispor dunha ferramenta de planificación capaz de simular o impacto das distintas estratexias de política económica.

  O modelo está composto de catro submodelos: o económico; o demográfico; o relativo ó mercado de traballo; e o correspondente ó sector público.

- O modelo Pregal (Previsión a curto prazo da economía galega). Ten por obxecto a estimación dun cadro macroeconómico da economía galega que concilie as estimacións realizadas tanto dende a perspectiva da demanda, como dende a perspectiva da oferta. Combina a metodoloxía dos modelos econométricos convencionais, con proxeccións baseadas na extrapolación de series históricas.

Os dous modelos están constituídos de tal xeito que os valores das variables obtidas para períodos comúns, deben coincidir.

Os modelos permiten medir o impacto dos distintos tipos de políticas e medidas económicas (investimento público, subvencións ó emprego, subvencións ó investimento, tipos impositivos, etc) sobre as variables macroeconómicas (PIB, VEB, Gasto en consumo final, emprego), dun xeito coherente.

# 5. O PRESUPOSTO DO 2002

## Cadro macroeconómico

As medidas sinaladas nos apartados anteriores, que o Goberno irá implementando a medida que avance o exercicio, permitirán obter uns crecementos diferenciais en actividade económica e emprego, dando lugar a un novo cadro macroeconómico que se detalla a continuación:

| | 2001 | 2002 |
|---|---|---|
| GASTO NO CONSUMO FINAL DOS FOGARES RESIDENTES | 3.1 | 2.8 |
| CONSUMO PÚBLICO | 2.0 | 2.2 |
| FORMACIÓN BRUTA DE CAPITAL | 6.7 | 5.9 |
| DEMANDA INTERNA (*) | 3.9 | 3.5 |
| EXPORTACIÓNS | 3.8 | 5.6 |
| IMPORTACIÓNS | 5.5 | 6.6 |
| SALDO EXTERIOR (*) | -1.1 | -0.9 |
| PIB A PREZOS DE MERCADO | 2.8 | 2.6 |

(Taxas de variación a prezos constantes)

(*) Achegas ó crecemento do PIB

*PRO MEMORIA*

| | | |
|---|---|---|
| EMPREGO TOTAL (Miles de persoas) | 1,062.3 | 1,102.4 |
| VARIACIÓN EMPREGO TOTAL | | |
| Miles de persoas | 27.0 | 21.8 |
| Taxa de variación | 2.6 | 2.0 |
| IPC (Decembro/Decembro) | 2.6 | 2 |

Tras experimentar un crecemento do 2’8% no 2001, que nos permitiu dar outro salto importante no proceso de converxencia cos países da

Unión Monetaria, a economía galega encara un novo exercicio económico sobre o que inciden dúas forzas de signo contraposto. Por un lado, as tendencias expansivas internas, derivadas da reducción que están a experimentar os tipos de xuro e da mellora do poder adquisitivo das familias como consecuencia da reducción da inflación, así como do impacto estimulante que sen dúbida exercerá a política económica que pretende por en práctica a Xunta a través do orzamento; estas tendencias expansivas xa comezaron a exercer un impacto positivo sobre a demanda de consumo, aínda que a demanda interna non poderá recuperarse de forma plena ata que o faga o investimento empresarial.

Por outra banda, as tendencias contractivas que, sen prexuízo da mellora que xa están experimentando os indicadores de confianza e os indicadores adelantados da economía norteamericana e das principais economías europeas, dominan aínda o panorama da actividade económica mundial, limitando de forma considerable o crecemento do comercio internacional. Estas tendencias contractivas están afectando negativamente ás nosas exportacións, e continuarán incidendo de forma adversa sobre elas mentras a recuperación económica internacional non se consolide.

Dentro deste contexto exterior, no que os principais parámetros de referencia resúmense no Escenario que serviu de base para a elaboración do cadro macroeconómico, a economía galega ten como obxectivo acadar un crecemento do 2’6% este ano, o cal permitiríanos avanzar novamente no proceso de converxencia co promedio español de renda por habitante e dar outro salto importante de aproximadamente 1’2 puntos porcentuais, na nosa traxectoria de acercamento ós estándares de vida dominantes nos países da Unión Monetaria Europea. Os aspectos máis relevantes do Cadro Macroeconómico que sintetizan a evolución previsible da economía galega no 2002, así como os supostos nos que este se sustenta, son os seguintes:

1.- O consumo público total – que engloba as actividades levadas a cabo no noso territorio pola administración do estado, a administración autonómica e os restantes entes territoriais- rexistrará un crecemento real do 2’2% cifra inferior en 4 décimas ó crecemento esperado da nosa economía.

2.- Estímase que o consumo privado rexistrará un crecemento do 2'8% unha cifra algo inferior á do ano pasado pero en calquera caso importante. Este crecemento estará fundamentalmente apoiado na mellora do poder adquisitivo dos salarios e das pensións como consecuencia da reducción da inflación e nun moderado crecemento do emprego, dado que non é probable que os tipos de xuro experimenten en termos reais variacións significativas á baixa.

3.- A Formación Bruta de Capital crecerá a unha taxa do 5'9% en termos reais. Este crecemento é inferior ó acadado no pasado ano; pero a súa composición interna será moi diferente. O investimento público experimentará un aumento substancial, o cal permitirá compensar o menor crecemento previsto do investimento en vivenda e a desaceleración que no conxunto do ano aínda continuará rexistrando o investimento productivo privado.

4.- No contexto de desaceleración da economía internacional e española que define o escenario de referencia, as exportacións totais de bens e servicios crecerán a unha taxa do 5'6%% e as importacións ó farán a un ritmo do 6'6%. Dentro das exportacións totais, estímase que o gasto en consumo final efectuado polos non residentes incrementárase nunha cifra próxima ó 12%. Como consecuencia a aportación do saldo exterior ó crecemento do PIB reducirase ata o -0'9%.

5.- Polo que se refire ós prezos, espérase que a taxa de inflación continúe experimentando unha importante desaceleración ó longo do 2002, o cal permitiríanos que a inflación promedio do ano poida quedar situada no 2'5%. Os supostos nos que se apoia este pronóstico son uns prezos do petróleo da orde dos 20$ por barril e un crecemento do custo salarial por persoa non superior ó 3%.

Aínda que o crecemento económico previsto para 2002 é lixeiramente inferior que ó rexistrado no 2001, estímase que o emprego poderá crecer a unha taxa do 2%, o que suporía a creación duns 22.000 postos de traballo netos.

## Evolución de ingresos e gastos

| PRESUPOSTO CONSOLIDADO 2001/2002 (*) | 2001 | 2002 | Crec. |
|---|---|---|---|
| **INGRESOS** | | | |
| Ingresos correntes | 5.835.473,5 | 6.260.460,0 | 7,28% |
| Ingresos de capital | 691.320,2 | 719.092,2 | 4,02% |
| **INGRESOS NON FINANCEIROS** | **6.526.793,7** | **6.979.552,2** | **6,94%** |
| | | | |
| **GASTOS** | | | |
| Gastos correntes | 4.995.152,2 | 5.315.473,2 | 6,41% |
| Gastos de capital | 1.472.836,1 | 1.583.956,6 | 7,54% |
| **GASTOS NON FINANCEIROS** | **6.467.988,3** | **6.899.429,8** | **6,67%** |
| | | | |

**(*) En miles de euros.**

O total de ingresos non financeiros evoluciona a unha taxa do 6,94% respecto do ano 2001, destacando o incremento dos ingresos correntes nun 7,28%.

Pola súa banda, o crecemento dos gastos non financeiros alcanza o 6,67%, como resultado dun incremento do 6,41 nos gastos correntes e dun 7,54% nos gastos de capital –un total de 111 millóns de euros-.

En termos absolutos, os ingresos correntes medran en 425 millóns de euros, mentres que os gastos correntes o fan en 320 millóns, de xeito que co incremento que se produce no aforro corrente se pode financiar o crecemento diferencial que rexistran os gastos de capital fronte ós ingresos.

Deste xeito, o aforro corrente se sitúa en 944,9 millóns de euros, rexistrando un crecemento importante con respecto ó presuposto do 2001, dun 12,46%, e consolidando a tendencia de crecemento importante que se ven dando dende hai xa bastantes anos.

| AFORRO BRUTO 2001/2002 (*) | | | |
|---|---|---|---|
| | **2001** | **2002** | **Crec.** |
| Ingresos correntes | 5.835.474 | 6.260.460 | 7,28% |
| Gastos correntes | 4.995.152 | 5.315.473 | 6,41% |
| **AFORRO BRUTO** | **840.321** | **944.987** | **12,46%** |

**(*) En miles de euros**

**Evolución do aforro bruto**
**(Millóns de euros)**




Pola súa banda, a variación neta de activos financeiros acada a cifra de 80 millóns de euros, mentres que a de pasivos financeiros será igual a cero, polo que o volume de débeda se manterá na mesma cantidade que a finais do 2000 e de 2001.

Esto é compatible con que, ó longo do exercicio de 2002, se levan a cabo operacións de reestruturación da débeda, coa finalidade de adecuar a súa estructura ás condicións de mercado e en función das espectativas futuras de evolución dos tipos de xuro.

CONTA PRESUPOSTARIA 2002

| | 2001 | 2002 | Crec. |
|---|---|---|---|
| Ingresos non financeiros | 6.526.793,7 | 6.979.552,2 | 6,94% |
| Gastos non financeiros | 6.467.988,3 | 6.899.429,8 | 6,67% |
| **DEFICIT/SUPERAVIT NON FINANCEIRO** | **58.805,4** | **80.122,4** | **36,25%** |
| Ingresos financeiros | 231.744,3 | 217.612,7 | -6,10% |
| Ingresos por activos financeiros | 16.221,3 | 6.665,1 | -58,91% |
| Ingresos por pasivos financeiros | 215.522,9 | 210.947,6 | -2,12% |
| Gastos financieros | 290.549,7 | 297.735,1 | 2,47% |
| Gastos por activos financeiros | 75.026,7 | 86.787,5 | 15,68% |
| Gastos por pasivos financeiros | 215.522,9 | 210.947,6 | -2,12% |
| **Variación neta operacións financeiras** | **58.805,4** | **80.122,4** | **36,25%** |
| Variación neta activos financeiros | 58.805,4 | 80.122,4 | 36,25% |
| Variación neta pasivos financeiros | - | - | - |
| **TOTAL PRESUPOSTO** | **6.758.538,0** | **7.197.165,0** | **6,49%** |

**(*) En miles de euros**

# 6. AS POLÍTICAS DE GASTO

A análise detida da distribución funcional do presuposto para o ano 2002, reflicte dun xeito nidio e evidente os catro grandes compromisos da filosofía orzamentaria para este exercicio: impulsar a economía productiva; apostar pola creación dun emprego estable e de calidade; fomento das novas tecnoloxías, potenciación do investimento en I+D; e garantir altos niveis de prestacións sociais, básicos nun estado de benestar.

A concreción destes obxectivos resulta evidente se se estudia con certo detalle cada un dos grupos de función.

Así, no grupo de función 2, de *Seguridade, Protección e Promoción Social*, o presuposto consigna créditos por un total de 457.600 miles de euros, o que supón un incremento do 6,2% en relación co orzamento do ano 2001.

Aquí están concretadas partidas para accións como construcción de residencias da terceira idade, programas de atención ós colectivos máis desfavorecidos, centros de servicios sociais ou garderías.

Ademais, figura neste grupo a política de *Promoción do Emprego*, que cuenta con 187.578 miles de euros, un 4,7% máis que no exercicio anterior. Inclúense aquí, entre outras, as accións de fomento do primeiro emprego para mozos menores de 30 anos.

Outra importante actuación é a dirixida ós galegos da emigración, sobre todo naqueles países que atravesan situacións de crise. O programa a favor das Comunidades Galegas no exterior ten unha dotación de 9.435 miles de euros.

Por outra banda, no grupo de función 3, tamén vencellado co gasto social, consígnanse créditos por valor de 442.770 miles de euros, ou sexa un 19,2% máis que no exercicio de 2001. Ademais dos gastos asociados á Sanidade e Educación, o máis salientable podería ser a inclusión das medidas encamiñadas a favorecer o acceso a vivendas dos máis novos, cunha suba porcentual do 12,6% sobre 2001.

No grupo de función 4, de *Producción de Bens Públicos de carácter económico*, que medra en conxunto un 19,2%, visualizase, por exemplo, o compromiso do Goberno co desenvolvemento da investigación aplicada e as novas tecnoloxías. A función *Investigación*

*Científica, Técnica e Aplicada* ten un incremento do 29,7%. Os créditos se distribúen entre consellerías como Presidencia, Industria, Agricultura, Cultura, Pesca e Medio Ambiente.

O grupo 6, de *Reordenación Industrial e Desenvolvemento Empresarial*, ten unha contía de 369.796 miles de euros, cunha suba do 27,2% sobre o ano 2001. Aquí hai que destacar os programas para mellora das produccións agrarias ou sanidade animal, con 254.565 miles de euros, que significa unha suba do 39,4% en relación co ano anterior.

Tamén paga a pena destacar os créditos adicados a apoio á empresa industrial e de servicios, con cargo á Consellería de Economía e Facenda, que conta 1.653 miles de euros, o que supón un porcentaxe de incremento do 266,7%.

Por último, o grupo de función denominado *Plan de Crecemento e Emprego*, experimenta unha baixa do 13,3%, aínda que a explicación é sinxela: o pacto cos axentes sociais e económicos que deu lugar ó Plan de Crecemento e Emprego acabou a súa vixencia no ano 2001. Neste grupo, sen embargo, se manteñen os complexos prioritarios de actividade económica, aínda que algúns dos seus programas pasan a outros grupos de función, especialmente o grupo 6.

Un destes complexos, o chamado *Turismo, Loxística e Servicios ás Empresas*, experimenta un incremento do 38,3%, o que pon de manifesto o compromiso do Executivo na promoción do turismo e a modernización das nosas empresas.

| GRUPO DE FUNCIÓN | FUNCIÓN | PROGRAMA | | | SECCIÓN OU OO.AA. | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1<br>SERVICIOS DE CARÁCTER XERAL<br>160.369.925 | 11<br>ALTA DIRECCIÓN DA C. A.<br>31.098.540 | 111A | PRESIDENCIA DA XUNTA | 4.067.013 | 04 | PRESIDENCIA | 4.067.013 |
| | | 111B | ACTIVIDADE LEXISLATIVA | 14.729.278 | 01 | PARLAMENTO | 14.729.278 |
| | | 111C | CONTROL EXTERNO DO SECTOR PÚBLICO | 5.322.422 | 02 | CONSELLO DE CONTAS | 5.322.422 |
| | | 111E | RELACIÓNS COA UNIÓN EUROPEA E ACCIÓN EXTERIOR | 3.372.731 | 04 | PRESIDENCIA | 2.170.668 |
| | | | | | 17 | EMIGRACIÓN | 1.202.063 |
| | | 111D | ALTO ASESORAMENTO DA C. A. DE GALICIA | 3.607.096 | 03 | CONSELLO DA CULTURA GALEGA | 1.902.379 |
| | | | | | 20 | CONSELLO CONSULTIVO | 1.704.717 |
| | 12<br>ADMON. XERAL<br>126.894.226 | 121C | REFORMA ADMINISTRATIVA | 4.971.478 | 04 | PRESIDENCIA | 4.971.478 |
| | | 123C | DIRECCIÓN E SERVICIOS XERAIS DE XUSTIZA, INTERIOR E R. LABORAIS. | 18.539.500 | 13 | XUSTIZA | 18.539.500 |
| | | 121A | DIRECCIÓN E SERVICIOS XERAIS DA ADMON. XERAL | 34.091.043 | 04 | PRESIDENCIA | 31.065.022 |
| | | | | | 17 | EMIGRACIÓN | 3.026.021 |
| | | 121B | ASESORAMENTO E DEFENSA DOS INTERESES DA C. A. | 1.610.184 | 04 | PRESIDENCIA | 1.610.184 |
| | | 122A | FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PERSOAL DA ADMON. DA C. A. | 2.596.550 | 0450 | ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA | 2.596.550 |
| | | 123A | XUSTIZA E ADMON. LOCAL | 28.533.279 | 13 | XUSTIZA | 28.533.279 |
| | | 123B | PERSOAL Ó SERVICIO DA ADMON. DE XUSTIZA | 36.552.192 | 13 | XUSTIZA | 36.552.192 |
| | 13<br>ADMON. ELECTORAL E PARTIDOS POLÍTICOS<br>2.377.159 | 131B | GASTOS E SUBVENCIÓNS ELECTORAIS | 2.377.159 | 04 | PRESIDENCIA | 2.377.159 |

| GRUPO DE FUNCIÓN | FUNCIÓN | PROGRAMA | | | SECCIÓN OU OO.AA. | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2 SEGURIDADE, PROTEC. E PROMOCIÓN SOCIAL 457.600.283 | 21 SEGURIDADE SOCIAL E PROTECCIÓN SOCIAL 258.570.673 | 211A | DIRECCIÓN E SERVICIOS XERAIS DE PROTECCIÓN SOCIAL | 19.322.292 | 1450 | SERVICIO GALEGO DE IGUALDADE | 594.102 |
| | | | | | 14 | FAMILIA | 18.728.190 |
| | | 211B | DIRECCIÓN E SERVICIOS XERAIS DE PRESTACIÓNS SOCIAIS | 73.189.387 | 14 | FAMILIA | 16.418.033 |
| | | | | | 16 | ASUNTOS SOCIAIS | 56.771.354 |
| | | 212A | PENSIÓNS E PRESTACIÓNS ASISTENCIAIS | 63.848.661 | 1450 | SERVICIO GALEGO DE IGUALDADE | 7.727.567 |
| | | | | | 14 | FAMILIA | 18.001.321 |
| | | | | | 16 | ASUNTOS SOCIAIS | 38.119.773 |
| | | 212B | CENTROS PARA SERVICIOS SOCIAIS | 62.378.861 | 14 | FAMILIA | 17.574.663 |
| | | | | | 16 | ASUNTOS SOCIAIS | 44.804.198 |
| | | 212C | ACCIÓN SOCIAL EN FAVOR DOS FUNCIONARIOS | 515.578 | 04 | PRESIDENCIA | 515.578 |
| | | 212D | PENSIÓNS E PRESTACIÓNS EN SERVICIOS SOCIAIS | 22.440.298 | 14 | FAMILIA | 5.534.702 |
| | | | | | 16 | ASUNTOS SOCIAIS | 16.905.596 |
| | | 213A | ACCIÓNS A FAVOR DAS COMUNIDADES GALEGAS | 9.435.210 | 17 | EMIGRACIÓN | 9.435.210 |
| | | 214B | SEGURIDADE E HIXIENE NO TRABALLO | 2.119.342 | 04 | PRESIDENCIA | 336.519 |
| | | | | | 13 | XUSTIZA | 1.782.823 |
| | | 214A | ADMON. DAS RELACIÓNS LABORAIS | 5.321.044 | 13 | XUSTIZA | 5.321.044 |

| GRUPO DE FUNCIÓN | FUNCIÓN | PROGRAMA | | | SECCIÓN OU OO.AA. | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 23 PROTECCIÓN CIVIL E SEGURIDADE 11.451.112 | 231A | PROTECCIÓN CIVIL | 6.331.523 | 13 | XUSTIZA | 6.331.523 |
| | | 232A | SEGURIDADE DA C. A. | 5.119.589 | 1350 | ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE | 1.662.158 |
| | | | | | 13 | XUSTIZA | 3.457.431 |
| | 24 PROMOCIÓN DO EMPREGO 187.578.498 | 241A | FOMENTO DO EMPREGO | 152.277.415 | 14 | FAMILIA | 152.277.415 |
| | | 241B | FOMENTO DO EMPREGO F.S.E. | 35.301.083 | 14 | FAMILIA | 35.301.083 |

| GRUPO DE FUNCIÓN | FUNCIÓN | PROGRAMA | | | SECCIÓN OU OO.AA. | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 3 PRODUC. DE BENS PÚBLICOS DECARÁCTER SOCIAL 4.419.449.659 | 31 SANIDADE 2.263.624.164 | 311A | DIRECCIÓN E SERVICIOS XERAIS DE SANIDADE | 51.371.249 | 11 | SANIDADE | 6.879.696 |
| | | | | | 1150 | SERVICIO GALEGO DE SAÚDE | 44.491.553 |
| | | 312A | ATENCIÓN ESPECIALIZADA | 1.273.900.158 | 1150 | SERVICIO GALEGO DE SAÚDE | 1.273.900.158 |
| | | 313A | PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA SAÚDE | 50.997.727 | 11 | SANIDADE | 50.997.727 |
| | | 313B | ATENCIÓN PRIMARIA DA SAÚDE | 863.769.841 | 1150 | SERVICIO GALEGO DE SAÚDE | 863.769.841 |
| | | 314C | FORMACIÓN DE GRADUADOS E POSTGRADUADOS | 23.585.189 | 1150 | SERVICIO GALEGO DE SAÚDE | 23.585.189 |
| | 32 EDUCACIÓN 1.595.246.510 | 321A | DIRECCIÓN E SERVICIOS XERAIS DE EDUCACIÓN | 23.233.331 | 07 | EDUCACIÓN | 23.233.331 |
| | | 322A | EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E E.S.O. | 606.638.321 | 07 | EDUCACIÓN | 606.638.321 |
| | | 322C | ENSINANZAS UNIVERSITARIAS | 230.110.135 | 07 | EDUCACIÓN | 230.110.135 |
| | | 322D | EDUCACIÓN ESPECIAL | 15.880.190 | 07 | EDUCACIÓN | 15.880.190 |
| | | 322E | ENSINANZAS ARTÍSTICAS | 23.512.408 | 07 | EDUCACIÓN | 23.512.408 |
| | | 322G | ENSINANZAS ESPECIAIS | 7.920.772 | 07 | EDUCACIÓN | 7.920.772 |
| | | 322H | OUTRAS ENSINANZAS | 307.019 | 07 | EDUCACIÓN | 307.019 |
| | | 322I | FORMACIÓN E PEFECCIONAMENTO DO PROFESORADO | 2.866.713 | 07 | EDUCACIÓN | 2.866.713 |
| | | 322K | ENSINANZAS PESQUEIRAS | 3.878.746 | 12 | PESCA | 3.878.746 |
| | | 322L | CAPACITACIÓN E EXTENSIÓN AGRARIA | 9.109.043 | 09 | POLÍTICA AGROALIMENTARIA | 9.109.043 |
| | | 322S | FORMACIÓN PROFESIONAL F. S. E | 37.250.433 | 07 | EDUCACIÓN | 30.206.431 |
| | | | | | 12 | PESCA | 4.067.113 |
| | | | | | 09 | POLÍTICA AGROALIMENTARIA | 2.976.889 |
| | | 322T | ENSINANZA SECUNDARIA | 527.722.402 | 07 | EDUCACIÓN | 527.722.402 |

| GRUPO DE FUNCIÓN | FUNCIÓN | PROGRAMA | | | SECCIÓN OU OO.AA. | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 323A | SERVICIOS E AXUDAS COMPLEMENTARIAS DA ENSINANZA | 106.816.997 | 07 | EDUCACIÓN | 106.816.997 |
| | 33 VIVENDA E URBANISMO 170.795.729 | 331A | PROMOCIÓN, ADMON. E AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN E ACCESO Á VIVENDA | 142.716.680 | 0660 | INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO | 142.716.680 |
| | | 332A | ORDENACIÓN E FOMENTO DA EDIFICACIÓN E DO URBANISMO | 28.079.049 | 06 | POLÍTICA TERRITORIAL | 28.079.049 |
| | 34 BENESTAR COMUNITARIO 135.517.581 | 341A | DIRECCIÓN E S. XERAIS DE MEDIO AMBIENTE | 7.435.699 | 15 | MEDIO AMBIENTE | 7.435.699 |
| | | 342A | PROTECCIÓN E MELLORA DO MEDIO AMBIENTE | 116.322.927 | 1550 | AUGAS DE GALICIA | 47.778.134 |
| | | | | | 12 | PESCA | 1.665.886 |
| | | | | | 15 | MEDIO AMBIENTE | 66.878.907 |
| | | 343A | ORDENACIÓN, INFORMACIÓN E CONTROL DO CONSUMO | 4.939.755 | 0850 | INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO | 4.939.755 |
| | | 344A | DESENVOLVEMENTO COMARCAL | 6.819.200 | 04 | PRESIDENCIA | 6.819.200 |
| | 35 CULTURA 162.296.166 | 351A | DIRECCIÓN E SERVICIOS XERAIS DE CULTURA | 20.918.961 | 10 | CULTURA | 20.918.961 |
| | | 352A | BIBLIOTECAS | 3.636.855 | 10 | CULTURA | 3.636.855 |
| | | 352B | ARQUIVOS E MUSEOS | 3.175.276 | 10 | CULTURA | 3.175.276 |
| | | 353A | PROMOCIÓN, DIFUSIÓN E COOPERACIÓN CULTURAL | 20.933.182 | 10 | CULTURA | 20.933.182 |
| | | 353B | AUDIOVISUAL | 7.579.355 | 10 | CULTURA | 7.579.355 |
| | | 353C | PUBLICACIÓNS | 307.213 | 04 | PRESIDENCIA | 307.213 |

| GRUPO DE FUNCIÓN | FUNCIÓN | PROGRAMA | | | SECCIÓN OU OO.AA. | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 353D | XACOBEO | 25.342.440 | 10 | CULTURA | 25.342.440 |
| | | 353E | FOMENTO DA LINGUA GALEGA | 17.156.419 | 07 | EDUCACIÓN | 17.156.419 |
| | | 354A | TEATRO, MÚSICA E DANZA | 6.766.500 | 1060 | INSTITUTO GALEGO DAS ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS | 5.574.659 |
| | | | | | 10 | CULTURA | 1.191.841 |
| | | 355A | FOMENTO DA ACTIVIDADE DEPORTIVA | 23.934.577 | 04 | PRESIDENCIA | 23.934.577 |
| | | 355B | FOMENTO DA ACTIVIDADE XUVENIL | 14.199.289 | 14 | FAMILIA | 14.199.289 |
| | | 356A | PATRIMONIO HISTÓRICO, ARTÍSTICO E ARQUEOLÓXICO | 17.864.099 | 10 | CULTURA | 17.864.099 |
| | | 357A | EXPOSICIÓNS E ARTES PLASTICAS | 482.000 | 10 | CULTURA | 482.000 |
| | 36 OUTROS SERVICIOS COMUNITARIOS E SOCIAIS 91.969.509 | 361A | COBERTURA INFORMATIVA E APOIO Á COMUNICACIÓN SOCIAL | 9.558.462 | 04 | PRESIDENCIA | 2.759.909 |
| | | | | | 10 | CULTURA | 6.798.553 |
| | | 361B | RADIODIFUSIÓN E TVG | 82.411.047 | 10 | CULTURA | 82.411.047 |

| GRUPO DE FUNCIÓN | FUNCIÓN | PROGRAMA | | | SECCIÓN OU OO.AA. | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 4 PRODUC.DE BENS PÚBLICOS DE CARACTER ECONÓMICO 442.770.033 | 41 INFRAESTRUCTURA BÁSICA E DO TRANSPORTE 249.750.927 | 411A | DIRECCIÓN E SERVICIOS XERAIS DE POLÍTICA TERRITORIAL E OB. PÚBLIC. | 5.252.278 | 06 | POLÍTICA TERRITORIAL | 5.252.278 |
| | | 412A | XESTIóN E INFRAESTRUCTURA DE RECURSOS HIDRAULICOS | 31.846.348 | 1550 | AUGAS DE GALICIA | 31.846.348 |
| | | 413A | ORDENACIÓN E INSPECCIÓN DO TRANSPORTE TERRESTRE | 30.978.597 | 06 | POLÍTICA TERRITORIAL | 30.978.597 |
| | | 413B | CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN DE ESTRADAS | 165.115.214 | 06 | POLÍTICA TERRITORIAL | 165.115.214 |
| | | 414A | CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN PORTUARIA | 16.558.490 | 06 | POLÍTICA TERRITORIAL | 16.558.490 |
| | 42 OUTRAS INFRAESTRUCTURAS 124.765.909 | 421A | INFRAESTRUCTURA PARA A REFORMA E O DESENVOLVEMENTO AGRARIO | 5.105.978 | 09 | POLÍTICA AGROALIMENTARIA | 5.105.978 |
| | | 422B | PROTECCIÓN E MELLORA DO MEDIO NATURAL MARÍTIMO | 2.338.171 | 12 | PESCA | 2.338.171 |
| | | 422C | PREVENCIÓN E DEF. CONTRA INCENDIOS FORESTAIS (PLAN FORESTAL DE GALICIA) | 54.113.978 | 15 | MEDIO AMBIENTE | 54.113.978 |
| | | 422D | DESENVOLVEMENTO RURAL | 63.207.782 | 09 | POLíTICA AGROALIMENTARIA | 63.207.782 |
| | 43 INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA,TÉCNICA E APLICADA 62.982.997 | 432A | PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA | 62.982.997 | 04 | PRESIDENCIA | 45.133.316 |
| | | | | | 12 | PESCA | 3.589.822 |
| | | | | | 09 | POLÍTICA AGROALIMENTARIA | 4.211.940 |
| | | | | | 15 | MEDIO AMBIENTE | 1.890.200 |
| | | | | | 10 | CULTURA | 177.487 |
| | | | | | 08 | INDUSTRIA E COMERCIO | 7.980.232 |

| GRUPO DE FUNCIÓN | FUNCIÓN | PROGRAMA | | | SECCIÓN OU OO.AA. | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 44<br>INFORMACIÓN ESTATÍSTICA BÁSICA<br>5.270.200 | 441A | ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA | 5.270.200 | 0550 | INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA | 4.760.808 |
| | | | | | 13 | XUSTIZA | 63.395 |
| | | | | | 14 | FAMILIA | 236.486 |
| | | | | | 11 | SANIDADE | 67.186 |
| | | | | | 09 | POLÍTICA AGROALIMENTARIA | 69.092 |
| | | | | | 10 | CULTURA | 42.209 |
| | | | | | 08 | INDUSTRIA E COMERCIO | 31.024 |

| GRUPO DE FUNCIÓN | FUNCIÓN | PROGRAMA | | | SECCIÓN OU OO.AA. | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 5<br>REGULACIÓN ECONÓMICA DE CARÁCTER XERAL<br>111.180.919 | 51<br>ACTUACIÓNS ECONÓMICAS XERAIS<br>41.824.840 | 511A | DIRECCIÓN E SERVICIOS XERAIS DE ECONOMÍA E FACENDA | 22.701.224 | 05 | ECONOMÍA E FACENDA | 22.701.224 |
| | | 512A | PLANIFICACIÓN, PRESUPOSTACIÓN E COORDINACIÓN ECONÓMICA | 19.123.616 | 05 | ECONOMÍA E FACENDA | 3.105.809 |
| | | | | | 23 | GASTOS DE DIVERSAS CONS. | 16.017.807 |
| | 52<br>COMERCIO<br>14.772.022 | 521A | REGULACIÓN DO COMERCIO INTERIOR E DA POLÍTICA DE PREZOS | 14.772.022 | 08 | INDUSTRIA E COMERCIO | 14.772.022 |
| | 53<br>ACTIVIDADES FINANCEIRAS<br>54.584.057 | 531A | ADMON. FINANCEIRA, TRIBUTARIA, PATRIMONIAL E DE CONTROL | 54.584.057 | 05 | ECONOMÍA E FACENDA | 19.343.797 |
| | | | | | 23 | GASTOS DE DIVERSAS CONS. | 35.240.260 |

| GRUPO DE FUNCIÓN | FUNCIÓN | PROGRAMA | | | SECCIÓN OU OO.AA. | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 6 REGULACIÓN ECONÓMICA DE SECTORES PRODUCTIVOS 369.795.164 | 61 AGRICULTURA, GANDERÍA E PESCA 254.564.479 | 611A | DIRECCIÓN E SERVICIOS XERAIS DE AGRICULTURA | 15.454.155 | 09 | POLÍTICA AGROALIMENTARIA | 15.454.155 |
| | | 611B | DIRECCIÓN E SERVICIOS XERAIS DE PESCA | 12.483.428 | 12 | PESCA | 12.483.428 |
| | | 612A | PROMOCIÓN COOPERATIVA E SOCIAL E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA AGRARIA | 3.035.577 | 09 | POLÍTICA AGROALIMENTARIA | 3.035.577 |
| | | 612B | PROMOCIÓN COOPERATIVA E SOCIAL E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA PESQUEIRA | 8.812.480 | 12 | PESCA | 8.812.480 |
| | | 612S | PROMOCIÓN COOP. E SOCIAL E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA PESQUEIRA - F.S.E. | 1.490.839 | 12 | PESCA | 1.490.839 |
| | | 613A | SANIDADE VEXETAL E ANIMAL | 33.350.051 | 09 | POLÍTICA AGROALIMENTARIA | 33.350.051 |
| | | 614A | ORDENACIÓN, REESTRUCTURACIÓN, FOMENTO E MELLORA DA PRODUCCIÓN AGRARIA | 108.080.178 | 0960 | INSTITUTO LÁCTEO E GANDEIRO DE GALICIA | 21.022.284 |
| | | | | | 09 | POLÍTICA AGROALIMENTARIA | 87.057.894 |
| | | 614B | ORDEN, REESTRUCT, FOMENTO E MELLORA DA PRODUCC. PESQ. DE CULT. MARIÑOS | 21.733.039 | 12 | PESCA | 21.733.039 |
| | | 614C | ORDEN, REESTRUCT. E DESENVOLV. SECTOR FORESTAL (PLAN FORESTAL GALICIA) | 41.942.170 | 15 | MEDIO AMBIENTE | 41.942.170 |
| | | 615A | REGULACIÓN DAS PRODUCCIÓNS E MERCADOS AGRARIOS | 7.646.651 | 09 | POLÍTICA AGROALIMENTARIA | 7.646.651 |
| | | 615B | REGULACIÓN DAS PRODUCCIÓNS E MERCADOS PESQUEIROS | 535.911 | 12 | PESCA | 535.911 |
| | 62 INDUSTRIA 11.723.306 | 621A | DIRECCIÓN E SERVICIOS XERAIS DE INDUSTRIA | 5.646.768 | 08 | INDUSTRIA E COMERCIO | 5.646.768 |
| | | 622A | ACTUACIÓNS ADMINISTRATIVAS SOBRE A INDUSTRIA | 6.076.538 | 08 | INDUSTRIA E COMERCIO | 6.076.538 |

| GRUPO DE FUNCIÓN | FUNCIÓN | PROGRAMA | | | SECCIÓN OU OO.AA. | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 63 ENERXÍA 18.510.879 | 631A | CONSERVACIÓN E AFORRO DE ENERXÍA | 4.735.986 | 08 | INDUSTRIA E COMERCIO | 4.735.986 |
| | | 631B | PROGRAMAS DE ELECTRIFICACIÓN E ENERXÍAS ALTERNATIVAS | 13.774.893 | 08 | INDUSTRIA E COMERCIO | 13.774.893 |
| | 64 MINERÍA 1.710.000 | 641A | FOMENTO DA MINERÍA | 1.710.000 | 08 | INDUSTRIA E COMERCIO | 1.710.000 |
| | 65 TURISMO 3.050.054 | 651A | ORDENACIÓN E XESTIÓN DO TURISMO | 3.050.054 | 10 | CULTURA | 3.050.054 |
| | 66 INDUSTRIALIZACIÓN E REORDENACIÓN INDUSTRIAL 78.583.662 | 661C | ORDENACIÓN E CREACIÓN DOUTRAS INDUSTRIAS | 76.317.847 | 08 | INDUSTRIA E COMERCIO | 6.947.595 |
| | | | | | 05 | ECONOMÍA E FACENDA | 69.370.252 |
| | | 661D | APOIO Á ARTESANÍA | 2.265.815 | 08 | INDUSTRIA E COMERCIO | 2.265.815 |
| | 67 DESENVOLVEMENTO EMPRESARIAL 1.652.784 | 671C | APOIO Á EMPRESA INDUSTRIAL E DE SERVICIOS | 1.652.784 | 05 | ECONOMÍA E FACENDA | 1.652.784 |

| GRUPO DE FUNCIÓN | FUNCIÓN | PROGRAMA | | | SECCIÓN OU OO.AA. | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 7 PLAN DE CRECEMENTO E EMPREGO 226.123.194 | 71 COMPLEXO AGRO-GANDEIRO 41.904.677 | 712A | FOMENTO DO SECTOR GANDEIRO | 12.783.527 | 0960 | INSTITUTO LÁCTEO E GANDEIRO DE GALICIA | 12.783.527 |
| | | 713A | FOMENTO DAS INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS | 25.316.079 | 09 | POLÍTICA AGROALIMENTARIA | 25.316.079 |
| | | 714A | FOMENTO DA COMERCIALIZACIÓN AGROINDUSTRIAL | 3.805.071 | 09 | POLÍTICA AGROALIMENTARIA | 3.805.071 |
| | 72 COMPLEXO MAR-INDUSTRIA 94.872.484 | 721A | MEDIO MARIÑO | 1.181.893 | 12 | PESCA | 1.181.893 |
| | | 721B | DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DA EXPLOTACIÓN DE RECURSOS MARIÑOS | 17.257.688 | 12 | PESCA | 17.257.688 |
| | | 722A | TRANSFORMACIÓN, CONSERVACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE PRODUCTOS MARIÑOS | 33.847.878 | 12 | PESCA | 33.847.878 |
| | | 722B | PROMOCIÓN DE PRODUCTOS PESQUEIROS E FOMENTO DA CALIDADE | 1.337.026 | 12 | PESCA | 1.337.026 |
| | | 722C | EQUIPAMENTOS PESQUEIROS | 4.953.229 | 12 | PESCA | 4.953.229 |
| | | 723A | CONSTRUCCIÓN E RENOVACIÓN DA FLOTA | 34.921.813 | 12 | PESCA | 34.921.813 |
| | | 723B | FOMENTO E COOPERACIÓN EMPRESARIAL SECTOR NAVAL | 1.372.957 | 08 | INDUSTRIA E COMERCIO | 1.372.957 |
| | 73 COMPLEXO SILVICULTURA-MADEIRA 17.977.372 | 731A | MELLORA DA ESTRUCTURA EMPRESARIAL E PRIMEIRA TRANSFORMACIÓN | 15.873.830 | 15 | MEDIO AMBIENTE | 15.873.830 |
| | | 732A | MELLORA EMPRESARIAL E COOPERACIÓN ENTRE AS EMPRESAS | 2.103.542 | 08 | INDUSTRIA E COMERCIO | 2.103.542 |

| GRUPO DE FUNCIÓN | FUNCIÓN | PROGRAMA | | | SECCIÓN OU OO.AA. | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 74<br>ACTIVIDADES PRIORITARIAS DO SECTOR INDUSTRIAL<br>15.735.341 | 741A | POTENCIACIÓN DA COOPERACIÓN EMPRESARIAL | 7.662.905 | 08 | INDUSTRIA E COMERCIO | 7.662.905 |
| | | 742A | PROMOCIÓN GRUPO ACTIVIDADE TEXTIL-CONFECCIÓN | 1.652.783 | 08 | INDUSTRIA E COMERCIO | 1.652.783 |
| | | 743A | FOMENTO DO GRUPO DE ACTIVIDADES DOS MINERAIS NON METÁLICOS | 5.337.833 | 08 | INDUSTRIA E COMERCIO | 5.337.833 |
| | | 744A | FOMENTO GRUPO DE ACTIVIDADES TELECOMUNICACIÓNS E AUDIOVISUAL | 1.081.820 | 08 | INDUSTRIA E COMERCIO | 1.081.820 |
| | 75<br>COMPLEXO TURISMO, LOXÍSTICA E SERVICIOS A EMPRESAS<br>55.633.320 | 751A | FOMENTO E POTENCIACIÓN DO TURISMO | 27.531.008 | 10 | CULTURA | 27.531.008 |
| | | 752A | SERVICIOS ÁS ACTIVIDADES MARÍTIMAS | 480.000 | 12 | PESCA | 480.000 |
| | | 753A | DISTRIBUCIÓN, LOXÍSTICA E PROMOCIÓN COMERCIAL | 14.056.851 | 08 | INDUSTRIA E COMERCIO | 14.056.851 |
| | | 754A | SERVICIOS ÁS EMPRESAS | 3.624.893 | 08 | INDUSTRIA E COMERCIO | 3.624.893 |
| | | 754B | APOIO Á ACTIVIDADE INDUSTRIAL | 9.940.568 | 08 | INDUSTRIA E COMERCIO | 9.940.568 |

| GRUPO DE FUNCIÓN | FUNCIÓN | PROGRAMA | | | SECCIÓN OU OO.AA. | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 8 TRANSFERENCIAS A ENTIDADES LOCAIS 645.715.022 | 81 TRANSFERENCIAS A ENTIDADES LOCAIS 645.715.022 | 811B | OUTRAS TRANSFERENCIAS A CORPORACIÓNS LOCAIS | 48.188.788 | 13 | XUSTIZA | 1.008.955 |
| | | | | | 05 | ECONOMÍA E FACENDA | 47.179.833 |
| | | 811A | TRANSF. A CC.LL. POR PARTICIPACIÓN NOS INGRESOS DO ESTADO | 597.526.234 | 21 | TRANSFERENCIAS A CCLL | 597.526.234 |
| 9 DÉBEDA PÚBLICA 364.160.810 | 91 DÉBEDA PÚBLICA 364.160.810 | 911A | AMORTIZACIÓN E GASTOS FINANCEIROS DA DÉBEDA PÚBLICA | 364.160.810 | 22 | DÉBEDA PÚBLICA DA C. A. | 364.160.810 |

# 7. OS GASTOS

# 7. OS GASTOS

O presuposto consolidado de gastos para o ano 2002, no que se inclúen os gastos da Administración Xeral e dos organismos autónomos, acada unha contía de 7.197.165.009 euros, o que supón unha suba porcentual do 6,5% en relación coa cifra do orzamento do ano 2001.

As operacións correntes, que suman as contías dos capítulos I, de Gastos de Persoal, do capítulo II, de Gastos en Bens Correntes e Servicios, do capítulo III, de Gastos Financeiros, e do capítulo IV, de Transferencias Correntes, engloban unha cifra de 5.280.199.637 euros.

Pola súa banda, as operacións de capital, agrupados os investimentos reais (capítulo VI) e as transferencias de capital (capítulo VII), totalizan unha suma de 1.583.956.631 euros. A evolución destas cifras, como de seguido se verá nunha análise máis polo miúdo dos seus contidos, é consonte cos grandes obxectivos do presuposto: fomento do investimento productivo para favorecer a converxencia económica, apoio decidido á creación de emprego, mellora das prestacións de carácter social e fornecemento da sociedade da información e as novas tecnoloxías.

# ORZAMENTO CONSOLIDADO DE GASTOS

## DISTRIBUCIÓN ECONÓMICA

| CAPÍTULOS | 2002 |
|---|---|
| I Gastos de persoal | 2.343.271 |
| II Gastos en bens correntes e servicios | 814.686 |
| III Gastos financeiros | 156.751 |
| IV Transferencias correntes | 2.000.765 |
| TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES | 5.315.473 |
| VI Investimentos reais | 751.451 |
| VII Transferencias de capital | 832.506 |
| TOTAL OPER. NON FINANC. DE CAPITAL | 1.583.957 |
| TOTAL GASTOS NON FINANCEIROS | 6.899.430 |
| VIII Activos financeiros | 86.787 |
| IX Pasivos financeiros | 210.948 |
| TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS | 297.735 |
| TOTAL GASTOS FINANCEIROS | 297.735 |
| TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL | *1.881.692* |
| TOTAL GASTOS | 7.197.165 |

(Miles de euros)

# ORZAMENTO CONSOLIDADO DE GASTOS
# DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA

| SECCIÓNS | 2002 | % |
|---|---|---|
| Parlamento | 14.729 | 0,2 |
| Consello de Contas | 5.322 | 0,1 |
| Consello da Cultura | 1.902 | 0,0 |
| Presidencia, Rel. Inst. e Administración Pública | 128.665 | 1,8 |
| Economía e Facenda | 168.115 | 2,3 |
| Política Territorial, O.P. e Vivenda | 304.071 | 4,2 |
| Educación e Ordenación Universitaria | 1.592.371 | 22,1 |
| Industria e Comercio | 115.643 | 1,6 |
| Polít. Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural | 293.978 | 4,1 |
| Cultura, Comunic. Social e Turismo | 226.288 | 3,2 |
| Sanidade | 2.150.770 | 29,9 |
| Pesca e Asuntos Marítimos | 154.575 | 2,1 |
| Xustiza, Interior e Relacións Laborais | 103.252 | 1,4 |
| Familia e Prom. do Emprego, Muller e Xuv. | 286.593 | 4,0 |
| Medio Ambiente | 257.903 | 3,6 |
| Asuntos Sociais | 156.601 | 2,2 |
| Emigración e Coopercion Exterior | 13.663 | 0,2 |
| Consello Consultivo de Galicia | 1.705 | 0,0 |
| Transferencias a CC.LL | 597.526 | 8,3 |
| Débeda Pública | 364.161 | 5,1 |
| Gastos Diversas Consellerías | 51.258 | 0,7 |
| TOTAL ADMINISTRACIÓN XERAL | 6.989.091 | 97,1 |
| Escola Galega de Administración Pública | 2.597 | 0,0 |
| Instituto Galego de Estatística | 4.761 | 0,1 |
| Instituto Galego da Vivenda e Solo | 142.717 | 2,0 |
| Instituto Galego de Consumo | 4.940 | 0,1 |
| Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia | 33.806 | 0,5 |
| Instituto Galego de Artes Esc. e Musicais | 5.575 | 0,1 |
| Servicio Galego de Saúde | 2.205.747 | 30,6 |
| Academia Galega de Seguridade | 1.662 | 0,0 |
| Servicio Galego de Igualdade | 8.322 | 0,1 |
| Augas de Galicia | 79.624 | 1,1 |
| TOTAL OO.AA. | 2.489.749 | 34,6 |
| TOTAL PRESUPOSTO BRUTO | 9.478.840 | 131,7 |
| TOTAL TRANSFERENCIAS INTERNAS | 2.281.675 | 31,7 |
| TOTAL PRESUPOSTO CONSOLIDADO | 7.197.165 | 100 |

(Miles de euros)

## ORZAMENTO DE GASTOS CONSOLIDADO: DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA E ECONÓMICA

| SECCIÓNS | I | II | III | IV | VI | VII | VIII | IX | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Parlamento | 7.059.988 | 3.778.402 | 0 | 1.822.270 | 1.927.328 | 39.070 | 102.220 | | 14.729.278 |
| Consello de Contas | 3.207.760 | 1.046.958 | 0 | 2.705 | 1.028.938 | 0 | 36.061 | | 5.322.422 |
| Consello da Cultura | 443.760 | 1.044.522 | 0 | 194.728 | 219.369 | 0 | 0 | 0 | 1.902.379 |
| Presidencia, Rel. Inst. e Administración Pública | 26.878.086 | 14.118.068 | 9.159 | 23.345.421 | 25.115.516 | 38.470.075 | 728.061 | | 128.664.386 |
| Economía e Facenda | 20.681.991 | 3.729.250 | 168 | 16.609.038 | 7.094.119 | 115.999.842 | 4.000.099 | | 168.114.507 |
| Política Territorial, O.P. e Vivenda | 20.119.157 | 2.349.403 | 0 | 11.348.124 | 162.166.961 | 108.087.170 | 0 | | 304.070.815 |
| Educación e Ordenación Universitaria | 957.560.683 | 142.718.208 | 1.620.076 | 382.408.530 | 88.449.539 | 19.614.102 | 0 | | 1.592.371.138 |
| Industria e Comercio | 8.689.187 | 3.841.993 | 0 | 10.116.252 | 11.467.196 | 80.768.682 | 759.349 | | 115.642.659 |
| Polít. Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural | 42.726.217 | 3.068.472 | 0 | 10.737.088 | 77.723.693 | 159.722.248 | 0 | | 293.977.718 |
| Cultura, Comunic. Social e Turismo | 18.191.629 | 4.925.171 | 0 | 29.530.910 | 42.444.094 | 59.904.467 | 71.292.056 | | 226.288.327 |
| Sanidade | 27.226.375 | 991.024 | 0 | 2.085.484.889 | 19.630.137 | 17.437.681 | 0 | | 2.150.770.106 |
| Pesca e Asuntos Marítimos | 23.191.203 | 4.111.213 | 0 | 1.591.401 | 25.306.532 | 99.698.474 | 676.139 | | 154.574.962 |
| Xustiza, Interior e Relacións Laborais | 54.398.531 | 14.760.518 | 0 | 12.214.480 | 14.278.029 | 7.600.742 | 0 | | 103.252.300 |
| Familia e Prom. do Emprego, Muller e Xuv. | 51.384.069 | 31.978.176 | 0 | 187.331.920 | 9.407.756 | 6.490.930 | 0 | | 286.592.851 |
| Medio Ambiente | 60.554.638 | 2.502.156 | 318.537 | 2.721.666 | 73.534.755 | 112.140.593 | 6.130.324 | | 257.902.669 |
| Asuntos Sociais | 53.897.080 | 40.681.175 | 0 | 51.242.154 | 6.122.398 | 4.658.114 | 0 | | 156.600.921 |
| Emigración e Coopercíon Exterior | 1.815.337 | 2.284.215 | 0 | 5.511.076 | 601.012 | 3.391.554 | 60.100 | | 13.663.294 |
| Consello Consultivo de Galicia | 1.240.898 | 274.500 | 0 | 0 | 189.319 | 0 | 0 | | 1.704.717 |
| Transferencias a CC.LL | 0 | 0 | 0 | 597.526.234 | 0 | 0 | 0 | | 597.526.234 |
| Débeda Pública | 0 | 0 | 153.213.173 | 0 | 0 | 0 | 0 | 210.947.637 | 364.160.810 |
| Gastos Diversas Consellerías | 6.093.387 | 9.799.293 | 0 | 0 | 18.899.262 | 16.466.125 | 0 | | 51.258.067 |
| TOTAL ADMINISTRACIÓN XERAL | 1.385.359.976 | 288.002.717 | 155.161.113 | 3.429.738.886 | 585.605.953 | 850.489.869 | 83.784.409 | 210.947.637 | 6.989.090.560 |
| Escola Galega de Administración Pública | 758.616 | 1.649.848 | 0 | 127.144 | 60.942 | 0 | 0 | 0 | 2.596.550 |
| Instituto Galego de Estatística | 2.177.411 | 378.386 | 0 | 36.694 | 1.360.856 | 807.461 | 0 | 0 | 4.760.808 |
| Augas de Galicia | 3.880.830 | 1.042.252 | 0 | 0 | 8.238.418 | 66.462.982 | 0 | 0 | 79.624.482 |
| Instituto Galego de Consumo | 2.761.616 | 290.961 | 0 | 607.022 | 1.129.903 | 150.253 | 0 | 0 | 4.939.755 |
| Servicio Galego de Saúde | 935.911.323 | 518.414.246 | 0 | 674.928.299 | 74.755.948 | 1.111.872 | 625.053 | 0 | 2.205.746.741 |
| Academia Galega de Seguridade | 593.861 | 1.068.297 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1.662.158 |
| Servicio Galego de Igualdade | 594.102 | 696.234 | 0 | 7.031.333 | 0 | 0 | 0 | 0 | 8.321.669 |
| Instituto Galego da Vivenda e Solo | 5.988.124 | 1.790.408 | 1.589.666 | 0 | 74.047.039 | 56.923.406 | 2.378.037 | 0 | 142.716.680 |
| Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia | 3.836.403 | 730.176 | 0 | 180.304 | 2.884.851 | 26.174.077 | 0 | 0 | 33.805.811 |
| Instituto Galego de Artes Esc. e Musicais | 1.409.169 | 622.412 | 0 | 177.419 | 3.365.659 | 0 | 0 | 0 | 5.574.659 |
| TOTAL OO.AA. | 957.911.455 | 526.683.220 | 1.589.666 | 683.088.215 | 165.843.616 | 151.630.051 | 3.003.090 | 0 | 2.489.749.313 |
| TOTAL PRESUPOSTO BRUTO | 2.343.271.431 | 814.685.937 | 156.750.779 | 4.112.827.101 | 751.449.569 | 1.002.119.920 | 86.787.499 | 210.947.637 | 9.478.839.873 |
| TOTAL TRANSFERENCIAS INTERNAS | 0 | 0 | 0 | 2.112.062.006 | 0 | 169.612.858 | 0 | 0 | 2.281.674.864 |
| TOTAL PRESUPOSTO CONSOLIDADO | 2.343.271.431 | 814.685.937 | 156.750.779 | 2.000.765.095 | 751.449.569 | 832.507.062 | 86.787.499 | 210.947.637 | 7.197.165.009 |

## GASTOS DE PERSOAL

O capítulo I de gastos, correspondente a Gastos de Persoal, conta para 2002 cuns créditos valorados en 2.343.271.431 euros.

Paga a pena deterse a explicar que os gastos de persoal directamente vinculados ás consellerías de Educación e Ordenación Universitaria, á Consellería de Sanidade e ó Servicio Galego de Saúde (Sergas), fundamentan en boa medida os incrementos do presuposto consolidado neste capítulo. Esto débese ós compromisos da acción do goberno co ensino e a atención sanitaria, a través do incremento de plantillas para atender estas necesidades.

Por outra banda, gran parte dos créditos asociados á Consellería de Presidencia están vinculados á reorganización do persoal ó servicio da Administración nos servicios periféricos de Ferrol e Vigo, ó cumprimento dos compromisos derivados da aplicación do convenio do persoal laboral, así como ós gastos asociados a políticas de fomento do I+D.

As partidas da Consellería de Agricultura experimentan neste capítulo un incremento notable debido básicamente á aposta do Executivo por manter os esforzos de control e extinción da encefalopatía esponxiforme bovina, gracias ó traballo de equipos de veterinarios.

Pola súa banda, a nova Consellería de Emigración conta con 1.815.337 euros, o que pon de manifesto a intención da Xunta de Galicia de dar respostas ás necesidades da emigración.

# CAPÍTULO I. GASTOS DE PERSOAL

| SECCIÓNS | 2002 |
|---|---|
| Parlamento | 7.059.988 |
| Consello de Contas | 3.207.760 |
| Consello da Cultura | 443.760 |
| Presidencia, Rel. Inst. e Administración Pública | 26.878.086 |
| Economía e Facenda | 20.681.991 |
| Política Territorial, O.P. e Vivenda | 20.119.157 |
| Educación e Ordenación Universitaria | 957.560.683 |
| Industria e Comercio | 8.689.187 |
| Polít. Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural | 42.726.217 |
| Cultura, Comunic. Social e Turismo | 18.191.629 |
| Sanidade | 27.226.375 |
| Pesca e Asuntos Marítimos | 23.191.203 |
| Xustiza, Interior e Relacións Laborais | 54.398.531 |
| Familia e Prom. do Emprego, Muller e Xuv. | 51.384.069 |
| Medio Ambiente | 60.554.638 |
| Asuntos Sociais | 53.897.080 |
| Emigración e Cooperción Exterior | 1.815.337 |
| Consello Consultivo de Galicia | 1.240.898 |
| Transferencias a CC.LL | 0 |
| Débeda Pública | 0 |
| Gastos Diversas Consellerías | 6.093.387 |
| TOTAL ADMINISTRACIÓN XERAL | 1.385.359.976 |
| Escola Galega de Administración Pública | 758.616 |
| Instituto Galego de Estatística | 2.177.411 |
| Augas de Galicia | 3.880.830 |
| Instituto Galego de Consumo | 2.761.616 |
| Servicio Galego de Saúde | 935.911.323 |
| Academia Galega de Seguridade | 593.861 |
| Servicio Galego de Igualdade | 594.102 |
| Instituto Galego da Vivenda e Solo | 5.988.124 |
| Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia | 3.836.403 |
| Instituto Galego de Artes Esc. e Musicais | 1.409.169 |
| TOTAL OO.AA. | 957.911.455 |
| TOTAL PRESUPOSTO BRUTO | 2.343.271.431 |
| TOTAL TRANSFERENCIAS INTERNAS | 0 |
| TOTAL PRESUPOSTO CONSOLIDADO | 2.343.271.431 |

## GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVICIOS

Os Gastos en Bens Correntes e Servicios suman un total de 814.685.937 euros para 2002, e experimentan unha baixa no presuposto consolidado con respecto ó exercicio anterior. Esta baixada ten unha xustificación doada: ata agora computábanse neste capítulo do Servicio Galego de Saúde as partidas correspondentes ás Fundacións Sanitarias. Ó ter agora as Fundacións presuposto propio, estas cantidades pasan a figurar no capítulo IV, de Transferencias Correntes.

A Consellería de Presidencia tamén ten un descenso, que se debe á extinción dos créditos asociados ó proceso electoral do ano 2001, mentres que o incremento para o departamento de Xustiza, Interior e Relacións Laborais ten o seu fundamento na actualización de gastos derivados da posta en marcha de novos órganos xudiciais.

Ademais, contan con incrementos a Consellería de Familia, Muller e Xuventude e a de Asuntos Sociais. Esto pon de manifesto, de novo, a aposta do Goberno polo estado do benestar, pois estes créditos van dirixidos a centros asistenciais, residencias e garderías.

# CAPÍTULO II. GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVICIOS

| SECCIÓNS | 2002 |
|---|---|
| Parlamento | 3.778.402 |
| Consello de Contas | 1.046.958 |
| Consello da Cultura | 1.044.522 |
| Presidencia, Rel. Inst. e Administración Pública | 14.118.068 |
| Economía e Facenda | 3.729.250 |
| Política Territorial, O.P. e Vivenda | 2.349.403 |
| Educación e Ordenación Universitaria | 142.718.208 |
| Industria e Comercio | 3.841.993 |
| Polít. Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural | 3.068.472 |
| Cultura, Comunic. Social e Turismo | 4.925.171 |
| Sanidade | 991.024 |
| Pesca e Asuntos Marítimos | 4.111.213 |
| Xustiza, Interior e Relacións Laborais | 14.760.518 |
| Familia e Prom. do Emprego, Muller e Xuv. | 31.978.176 |
| Medio Ambiente | 2.502.156 |
| Asuntos Sociais | 40.681.175 |
| Emigración e Cooperción Exterior | 2.284.215 |
| Consello Consultivo de Galicia | 274.500 |
| Transferencias a CC.LL | 0 |
| Débeda Pública | 0 |
| Gastos Diversas Consellerías | 9.799.293 |
| TOTAL ADMINISTRACIÓN XERAL | 288.002.717 |
| Escola Galega de Administración Pública | 1.649.848 |
| Instituto Galego de Estatística | 378.386 |
| Augas de Galicia | 1.042.252 |
| Instituto Galego de Consumo | 290.961 |
| Servicio Galego de Saúde | 518.414.246 |
| Academia Galega de Seguridade | 1.068.297 |
| Servicio Galego de Igualdade | 696.234 |
| Instituto Galego da Vivenda e Solo | 1.790.408 |
| Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia | 730.176 |
| Instituto Galego de Artes Esc. e Musicais | 622.412 |
| TOTAL OO.AA. | 526.683.220 |
| TOTAL PRESUPOSTO BRUTO | 814.685.937 |
| TOTAL TRANSFERENCIAS INTERNAS | 0 |
| TOTAL PRESUPOSTO CONSOLIDADO | 814.685.937 |

## TRANSFERENCIAS CORRENTES

O capitulo IV, de Transferencias Correntes, conta para 2002 cun total de 2.000.765.095 euros. En primeiro lugar, hai que destacar que existe un substancial incremento das transferencias da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais. Tamén neste caso a explicación é sinxela: débese á implantación práctica do novo modelo de financiamento das Comunidades Autónomas, no que xa se inclúe o financiamento da sanidade.

Os créditos da Consellería de Familia, Muller e Xuventude agrupan neste capítulo unha serie de actuacións de gran interese e transcendencia social: as axudas directas ás familias con nenos menores de tres anos e con ingresos inferiores ós esixidos para facer declaración da renda, as 4.000 prazas para nenos en garderías, incluíndo as novas garderías radicadas en parques empresariais, ou o novo programa de emprego para aqueles mozos menores de trinta anos que nunca traballaron ***(Plan Labora)***.

Tamén no ámbito social, os 51.242.154 euros para 2002 da nova Consellería de Asuntos Sociais correspóndense con novas prazas en residencias para persoas da terceira idade, atención para orfos, asistencia domiciliaria, loita contra a exclusión social, con especial incidencia nas persoas *sen teito*, ou programas de acollemento no rural.

O chamativo incremento deste capítulo para a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes débese principalmente á continuación das medidas adoptadas para o ámbito gandeiro en relación coa loita contra a encefalopatía esponxiforme bovina.

Ademais, neste capítulo a Consellería de Política Territorial consigna créditos para actuacións como o convenio con Renfe para continuidade de liñas deficitarias ou financiamento da rebaixa de peaxes nas autoestradas.

## CAPÍTULO IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES

| SECCIÓNS | 2002 |
|---|---|
| Parlamento | 1.822.270 |
| Consello de Contas | 2.705 |
| Consello da Cultura | 194.728 |
| Presidencia, Rel. Inst. e Administración Pública | 23.345.421 |
| Economía e Facenda | 16.609.038 |
| Política Territorial, O.P. e Vivenda | 11.348.124 |
| Educación e Ordenación Universitaria | 382.408.530 |
| Industria e Comercio | 10.116.252 |
| Polít. Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural | 10.737.088 |
| Cultura, Comunic. Social e Turismo | 29.530.910 |
| Sanidade | 2.085.484.889 |
| Pesca e Asuntos Marítimos | 1.591.401 |
| Xustiza, Interior e Relacións Laborais | 12.214.480 |
| Familia e Prom. do Emprego, Muller e Xuv. | 187.331.920 |
| Medio Ambiente | 2.721.666 |
| Asuntos Sociais | 51.242.154 |
| Emigración e Coopercíón Exterior | 5.511.076 |
| Consello Consultivo de Galicia | 0 |
| Transferencias a CC.LL | 597.526.234 |
| Débeda Pública | 0 |
| Gastos Diversas Consellerías | 0 |
| TOTAL ADMINISTRACIÓN XERAL | 3.429.738.886 |
| Escola Galega de Administración Pública | 127.144 |
| Instituto Galego de Estatística | 36.694 |
| Augas de Galicia | 0 |
| Instituto Galego de Consumo | 607.022 |
| Servicio Galego de Saúde | 674.928.299 |
| Academia Galega de Seguridade | 0 |
| Servicio Galego de Igualdade | 7.031.333 |
| Instituto Galego da Vivenda e Solo | 0 |
| Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia | 180.304 |
| Instituto Galego de Artes Esc. e Musicais | 177.419 |
| TOTAL OO.AA. | 683.088.215 |
| TOTAL PRESUPOSTO BRUTO | 4.112.827.101 |
| TOTAL TRANSFERENCIAS INTERNAS | 2.112.062.006 |
| TOTAL PRESUPOSTO CONSOLIDADO | 2.000.765.095 |

## ANÁLISE SOBRE O GASTO CORRENTE

Con frecuencia adóitase identificar gasto corrente con gasto burocrático, sen ter en conta que a maior parte do volume de gasto asociado ós capítulos I, II e IV está vinculado ó mantemento dunha serie de servicios básicos e fundamentais para o benestar social, e mesmo á retribución do persoal ligado a eses servicios, basicamente sanidade, educación, atención social ou prestacións asistenciais.

Deste xeito, o montante total destes capítulos, que supón 5.315.473.242 euros, visualiza varios dos compromisos asumidos polo Goberno no texto orzamentario: mellora da calidade de vida dos galegos, atención a colectivos con dificultades, acceso ó mercado laboral ou preocupación pola situación da emigración en países con dificultades.

Sanidade e Educación absorben a maoir contía da suma destes capítulos: 1.484.307.497 euros para a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria; 2.113.702.288 euros, para a Consellería de Sanidade. O Sergas, pola súa banda, conta con 2.129.253.868 euros.

# TOTAL GASTO CORRENTE

| SECCIÓNS | 2002 |
|---|---|
| Parlamento | 12.660.660 |
| Consello de Contas | 4.257.423 |
| Consello da Cultura | 1.683.010 |
| Presidencia, Rel. Inst. e Administración Pública | 64.350.734 |
| Economía e Facenda | 41.020.447 |
| Política Territorial, O.P. e Vivenda | 33.816.684 |
| Educación e Ordenación Universitaria | 1.484.307.497 |
| Industria e Comercio | 22.647.432 |
| Polít. Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural | 56.531.777 |
| Cultura, Comunic. Social e Turismo | 52.647.710 |
| Sanidade | 2.113.702.288 |
| Pesca e Asuntos Marítimos | 28.893.817 |
| Xustiza, Interior e Relacións Laborais | 81.373.529 |
| Familia e Prom. do Emprego, Muller e Xuv. | 270.694.165 |
| Medio Ambiente | 66.096.997 |
| Asuntos Sociais | 145.820.409 |
| Emigración e Cooperción Exterior | 9.610.628 |
| Consello Consultivo de Galicia | 1.515.398 |
| Transferencias a CC.LL | 597.526.234 |
| Débeda Pública | 153.213.173 |
| Gastos Diversas Consellerías | 15.892.680 |
| TOTAL ADMINISTRACIÓN XERAL | 5.258.262.692 |
| Escola Galega de Administración Pública | 2.535.608 |
| Instituto Galego de Estatística | 2.592.491 |
| Augas de Galicia | 4.923.082 |
| Instituto Galego de Consumo | 3.659.599 |
| Servicio Galego de Saúde | 2.129.253.868 |
| Academia Galega de Seguridade | 1.662.158 |
| Servicio Galego de Igualdade | 8.321.669 |
| Instituto Galego da Vivenda e Solo | 9.368.198 |
| Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia | 4.746.883 |
| Instituto Galego de Artes Esc. e Musicais | 2.209.000 |
| TOTAL OO.AA. | 2.169.272.556 |
| TOTAL PRESUPOSTO BRUTO | 7.427.535.248 |
| TOTAL TRANSFERENCIAS INTERNAS | 2.112.062.006 |
| TOTAL PRESUPOSTO CONSOLIDADO | 5.315.473.242 |

## AS OPERACIÓNS DE CAPITAL

Agrupando os investimentos reais (capítulo VI) e as transferencias de capital (capítulo VII), a súa suma totaliza un montante de 1.583.956.631 euros (un 7,54% de incremento con respecto a 2001). O conxunto dos capítulos VI, VII e VIII supón un total de 1.670.744.130 euros, é dicir, sube ata un 8,02 por cento con respecto ós anteriores presupostos.

Concrétase aquí o apoio da Xunta a outro dos grandes obxectivos do presuposto para 2002: a dinamización económica a través do impulso á economía productiva e a mellora das infraestructuras. Así, a Consellería de Política Territorial conta con 270.254.131 euros para conservación e obra nova en infraestructuras de comunicación. Tamén os créditos da Consellería de Industria e Comercio visualizan esta política: apoio ós *clusters* productivos e mellora da rede de electrificación rural.

Ademais, as partidas da Consellería de Presidencia recollen os investimentos adscritos á Secretaría Xeral de I+D para ampliación de programas de fomento da investigación e innovación tecnolóxica.

Tamén se recollen aquí partidas para o cofinanciamento da construcción de garderías coa iniciativa privada, xestionadas pola Consellería de Familia;  fondos propios do Instituto Galego da Vivenda e Solo para facilitar ó acceso de mozos á primeira vivenda ou a dotación de parques empresariais; así como créditos da Consellería de Asuntos Sociais para construcción de residencias para persoas de terceira idade.

# CAPÍTULO VI + VII

| SECCIÓNS | 2002 |
|---|---|
| Parlamento | 1.966.398 |
| Consello de Contas | 1.028.938 |
| Consello da Cultura | 219.369 |
| Presidencia, Rel. Inst. e Administración Pública | 63.585.591 |
| Economía e Facenda | 123.093.961 |
| Política Territorial, O.P. e Vivenda | 270.254.131 |
| Educación e Ordenación Universitaria | 108.063.641 |
| Industria e Comercio | 92.235.878 |
| Polít. Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural | 237.445.941 |
| Cultura, Comunic. Social e Turismo | 102.348.561 |
| Sanidade | 37.067.818 |
| Pesca e Asuntos Marítimos | 125.005.006 |
| Xustiza, Interior e Relacións Laborais | 21.878.771 |
| Familia e Prom. do Emprego, Muller e Xuv. | 15.898.686 |
| Medio Ambiente | 185.675.348 |
| Asuntos Sociais | 10.780.512 |
| Emigración e Coopercíón Exterior | 3.992.566 |
| Consello Consultivo de Galicia | 189.319 |
| Transferencias a CC.LL | 0 |
| Débeda Pública | 0 |
| Gastos Diversas Consellerías | 35.365.387 |
| TOTAL ADMINISTRACIÓN XERAL | 1.436.095.822 |
| Escola Galega de Administración Pública | 60.942 |
| Instituto Galego de Estatística | 2.168.317 |
| Augas de Galicia | 74.701.400 |
| Instituto Galego de Consumo | 1.280.156 |
| Servicio Galego de Saúde | 75.867.820 |
| Academia Galega de Seguridade | 0 |
| Servicio Galego de Igualdade | 0 |
| Instituto Galego da Vivenda e Solo | 130.970.445 |
| Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia | 29.058.928 |
| Instituto Galego de Artes Esc. e Musicais | 3.365.659 |
| TOTAL OO.AA. | 317.473.667 |
| TOTAL PRESUPOSTO BRUTO | 1.753.569.489 |
| TOTAL TRANSFERENCIAS INTERNAS | 169.612.858 |
| TOTAL PRESUPOSTO CONSOLIDADO | 1.583.956.631 |

# CAPÍTULO VI. INVESTIMENTOS REAIS

| SECCIÓNS | 2002 |
|---|---|
| Parlamento | 1.927.328 |
| Consello de Contas | 1.028.938 |
| Consello da Cultura | 219.369 |
| Presidencia, Rel. Inst. e Administración Pública | 25.115.516 |
| Economía e Facenda | 7.094.119 |
| Política Territorial, O.P. e Vivenda | 162.166.961 |
| Educación e Ordenación Universitaria | 88.449.539 |
| Industria e Comercio | 11.467.196 |
| Polít. Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural | 77.723.693 |
| Cultura, Comunic. Social e Turismo | 42.444.094 |
| Sanidade | 19.630.137 |
| Pesca e Asuntos Marítimos | 25.306.532 |
| Xustiza, Interior e Relacións Laborais | 14.278.029 |
| Familia e Prom. do Emprego, Muller e Xuv. | 9.407.756 |
| Medio Ambiente | 73.534.755 |
| Asuntos Sociais | 6.122.398 |
| Emigración e Coopercíón Exterior | 601.012 |
| Consello Consultivo de Galicia | 189.319 |
| Transferencias a CC.LL | |
| Débeda Pública | |
| Gastos Diversas Consellerías | 18.899.262 |
| TOTAL ADMINISTRACIÓN XERAL | 585.605.953 |
| Escola Galega de Administración Pública | 60.942 |
| Instituto Galego de Estatística | 1.360.856 |
| Augas de Galicia | 8.238.418 |
| Instituto Galego de Consumo | 1.129.903 |
| Servicio Galego de Saúde | 74.755.948 |
| Academia Galega de Seguridade | 0 |
| Servicio Galego de Igualdade | 0 |
| Instituto Galego da Vivenda e Solo | 74.047.039 |
| Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia | 2.884.851 |
| Instituto Galego de Artes Esc. e Musicais | 3.365.659 |
| TOTAL OO.AA. | 165.843.616 |
| TOTAL PRESUPOSTO BRUTO | 751.449.569 |
| TOTAL TRANSFERENCIAS INTERNAS | |
| TOTAL PRESUPOSTO CONSOLIDADO | 751.449.569 |

# CAPÍTULO VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

| SECCIÓNS | 2002 |
|---|---|
| Parlamento | 39.070 |
| Consello de Contas | 0 |
| Consello da Cultura | 0 |
| Presidencia, Rel. Inst. e Administración Pública | 38.470.075 |
| Economía e Facenda | 115.999.842 |
| Política Territorial, O.P. e Vivenda | 108.087.170 |
| Educación e Ordenación Universitaria | 19.614.102 |
| Industria e Comercio | 80.768.682 |
| Polít. Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural | 159.722.248 |
| Cultura, Comunic. Social e Turismo | 59.904.467 |
| Sanidade | 17.437.681 |
| Pesca e Asuntos Marítimos | 99.698.474 |
| Xustiza, Interior e Relacións Laborais | 7.600.742 |
| Familia e Prom. do Emprego, Muller e Xuv. | 6.490.930 |
| Medio Ambiente | 112.140.593 |
| Asuntos Sociais | 4.658.114 |
| Emigración e Coopercíón Exterior | 3.391.554 |
| Consello Consultivo de Galicia | 0 |
| Transferencias a CC.LL | 0 |
| Débeda Pública | |
| Gastos Diversas Consellerías | 16.466.125 |
| TOTAL ADMINISTRACIÓN XERAL | 850.489.869 |
| Escola Galega de Administración Pública | 0 |
| Instituto Galego de Estatística | 807.461 |
| Augas de Galicia | 66.462.982 |
| Instituto Galego de Consumo | 150.253 |
| Servicio Galego de Saúde | 1.111.872 |
| Academia Galega de Seguridade | 0 |
| Servicio Galego de Igualdade | 0 |
| Instituto Galego da Vivenda e Solo | 56.923.406 |
| Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia | 26.174.077 |
| Instituto Galego de Artes Esc. e Musicais | 0 |
| TOTAL OO.AA. | 151.630.051 |
| TOTAL PRESUPOSTO BRUTO | 1.002.119.920 |
| TOTAL TRANSFERENCIAS INTERNAS | 169.612.858 |
| TOTAL PRESUPOSTO CONSOLIDADO | 832.507.062 |

# 8.- OS INGRESOS

## 8.- OS INGRESOS

O presuposto consolidado de ingresos nas Contas Públicas para 2002 suma un total de 7.197.165 euros, cunha taxa de crecemento do 6,5 por cento con respecto ó exercicio presupostario de 2001, no cal os ingresos ascendían a 6.758.537 euros.

O incremento que se produce no apartado de ingresos do novo presuposto débese principalmente á ganancia obtida a partir da aplicación do novo modelo de financiamento autonómico, aprobado en xullo de 2001. Á parte do bo comportamento dos ingresos tributarios pola devandita ganancia, é preciso enadir que a suba dos fondos procedentes da UE, especialmente do Fondo de Cohesión e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional incide tamén positivamente no comportamento dos ingresos. Concretamente, os fondos europeos increméntanse este ano en 12.073.779 euros.

O total de ingresos por operacións correntes no presuposto consolidado ascende a 6.260.460 euros, fronte ós 5.835.473 euros do pasado ano. Se facemos un desglose por capítulos, comprobamos que a suba máis chamativa correspóndese co capítulo II, de impostos indirectos, que sube un 592 por cento, ó pasar dos 245.634 miles de euros de 2001 ós 1.700.474 634 miles de euros de 2002. O capítulo I, de impostos directos, tamén aumenta considerablemente, ó pasar dos 447.417 634 miles de euros do ano anterior ós 800.603 634 miles de euros deste ano. Pola contra, as transferencias correntes diminúen un 28,3 por cento. Tanto o ascenso dos capítulos I e II, de impostos directos e indirectos respectivamente, como o descenso do capítulo IV, de transferencias correntes, prodúcense como consecuencia lóxica da aplicación do novo modelo de financiamento autónomico.

Como xa sucedeu nos Presupostos Xerais de 2001, neste exercicio non figura como ingreso a emisión de débeda pública, xa que o equilibrio orzamentario, que se traduce na eliminación do déficit público, suprime este concepto.

# PREVISIÓNS ORZAMENTARIAS 2002

| | | AX | EGAP | IGE | AUGAS | IGC | SERGAS | AGS | SGI | IGVS | ILGGA | IGAEM | TOTAL BRUTO | TRANSF. INTERNAS EN A.X. | Total Consolidado |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | I | 800.602.815 | | | | | | | | | | | 800.602.815 | | |
| | II | 1.700.474.516 | | | | | | | | | | | 1.700.474.516 | | 1.700.474.516 |
| | III | 145.414.877 | | | 9.676.294 | 60.101 | 29.620.965 | | | 841.417 | | | 185.613.654 | | 185.613.654 |
| | IV | 3.480.032.230 | 2.535.608 | 2.592.491 | 2.639.237 | 3.587.478 | 2.158.874.408 | 1.662.158 | 8.321.669 | 7.742.593 | 4.572.589 | 2.209.001 | 5.674.769.462 | 2.112.062.006 | 3.562.707.456 |
| | V | 9.465.935 | | | 180.303 | 12.020 | | | | 808.355 | 174.295 | 420.699 | 11.061.607 | | 11.061.607 |
| **Total correntes** | | **6.135.990.373** | **2.535.608** | **2.592.491** | **12.495.834** | **3.659.599** | **2.188.495.373** | **1.662.158** | **8.321.669** | **9.392.365** | **4.746.884** | **2.629.700** | **8.372.522.054** | **2.112.062.006** | **6.260.460.048** |
| | VI | 601.012 | | | | | | | | 67.533.710 | | | 68.134.722 | | 68.134.722 |
| | VII | 635.541.538 | 60.942 | 2.168.317 | 67.128.648 | 1.280.156 | 16.626.315 | | | 65.760.554 | 29.058.927 | 2.944.959 | 820.570.356 | 169.612.858 | 650.957.498 |
| **Total capital** | | 636.142.550 | **60.942** | **2.168.317** | **67.128.648** | **1.280.156** | **16.626.315** | **0** | **0** | **133.294.264** | **29.058.927** | **2.944.959** | **888.705.078** | **169.612.858** | **719.092.220** |
| | VIII | 6.010.000 | | | | | 625.053 | | | 30.051 | | | 6.665.104 | | 6.665.104 |
| | IX | 210.947.637 | | | | | | | | | | | 210.947.637 | | 210.947.637 |
| **Total financeiros** | | **216.957.637** | **0** | **0** | **0** | **0** | **625.053** | **0** | **0** | **30.051** | **0** | **0** | **217.612.741** | **0** | **217.612.741** |
| **Total Ingresos** | | **6.989.090.560** | **2.596.550** | **4.760.808** | **79.624.482** | **4.939.755** | **2.205.746.741** | **1.662.158** | **8.321.669** | **142.716.680** | **33.805.811** | **5.574.659** | **9.478.839.873** | **2.281.674.864** | ***7.197.165.009*** |

## INGRESOS TRIBUTARIOS

Os ingresos tributarios inclúen os capítulos de tributos propios, tributos cedidos e taxas, prezos e outros ingresos. As previsións de ingresos de natureza tributaria para o exercicio presupostario de 2002 experimentan unha forte suba debido á recente aprobación do novo sistema de financiamento autonómico.

O sistema de financiamento autonómico, aprobado no seo do Consello de Política Fiscal e Financeira o pasado 27 de xullo, conleva unha importante ampliación de competencias ó asumi-las comunidades un considerable nivel de corresponsabilidade fiscal. En primeiro lugar, abre a posibilidade de cederlle ás comunidades autónomas novos tributos estatais e, en segundo lugar, contempla a posibilidade de atribuírlle a estas nova capacidade normativa nos tributos nos que a cesión xa é efectiva e noutros que poderán ser obxecto de cesión.

A previsión de ingresos para o capítulo I de impostos directos alcanza a cifra de 800.603 miles de euros para 2002, é dicir, 353.186 miles máis que no ano anterior, o que supón un incremento dun 78,9 por cento. A porcentaxe do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF) que lle corresponde ás comunidades co novo sistema de financiamento, que pasa do 15 ó 33 por cento, é determinante no gran incremento deste apartado. Concretamente, as previsións de ingresos en concepto de tramo autonómico de IRPF chegan a 647.236 miles de euros, fronte ós 324.210 do ano pasado.

A cifra presupostada para o Imposto sobre Sucesións e Doazóns é de 111.896 miles de euros, 27.153 máis que en 2001. Facendo uso da capacidade normativa neste Imposto, a Xunta de Galicia inclúe na Lei de Acompañamento dos Presupostos unha mellora no tratamento fiscal das transmisións "mortis causa" das explotacións agrarias e das empresas de reducida dimensión. Así, establécese unha reducción do 99 por cento nos casos nos que na base impoñible dunha adquisición "mortis causa" estivese incluído o valor dunha explotación agraria situada en Galicia, ou o valor dunha empresa individual ou negocio profesional que teña o centro de xestión en Galicia. Cómpre tamén sinalar que se produce unha mellora xeral na recadación deste imposto debido ó perfeccionamento dos sistemas de xestión dos tributos, que

ten como consecuencia unha maior axilidade e eficacia na tramitación dos expedientes.

O capítulo II, de impostos indirectos, prevé uns ingresos de 1.700.474 miles de euros para o exercicio de 2002 fronte ós 245.634 de 2001, cun incremento dun 592,3 por cento. Este sorprendente aumento é debido á introducción de novas figuras tributarias co novo sistema de financiamento autónomico. Xurde a posibilidade de ceder o Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) co límite do 35 por cento, os impostos especiais de fabricación co límite do 40 por cento, e cédese a totalidade do rendemento producido no territorio da comunidade no imposto sobre a electricidade, imposto especial sobre determinados medios de transporte e o imposto sobre as vendas minoristas de determinados hidrocarburos.

Dentro do capítulo de impostos indirectos, o Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados conta cunha previsión de ingresos de 267.054 miles de euros para o vindeiro exercicio. Na xestión deste imposto, a Comunidade Autónoma introduce como novidade normativa o incremento do tipo do 0,5 ó 1 por cento nas primeiras copias de escritura e actos notariais, coa excepción das primeiras copias de escrituras que documenten a primeira adquisición de vivenda habitual ou a constitución de préstamos hipotecarios destinados ó seu financiamento, que queda no 0,75 por cento.

Por outra parte, a previsión presupostaria do Imposto sobre Contaminación Atmosférica é de 15.927 miles de euros, cifra arredor da que se estabiliza a recadación a consecuencia da limitación das actividades contaminantes das empresas con emisións nocivas para o medio ambiente. A tributación autonómica sobre o xogo, ten unhas previsións recadatorias de 6.263 miles de euros.

Por último, con respecto ós ingresos previstos para o capítulo III, de taxas, prezos e outros ingresos, na Administración Xeral, estes suporán unha suba do 14,6 por cento, chegando a un total de 145.414 miles de euros.

## ORZAMENTO CONSOLIDADO DE INGRESOS

| CAPÍTULOS | | 2002 | % |
|---|---|---|---|
| I | Impostos directos | 800.603 | 11,1 |
| II | Impostos indirectos | 1.700.474 | 23,6 |
| III | Taxas, prezos e outros ingresos | 185.614 | 2,6 |
| IV | Transferencias correntes | 3.562.707 | 49,5 |
| V | Ingresos patrimoniais | 11.062 | 0,2 |
| TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES | | 6.260.460 | 87,0 |
| VI | Alleamento de investimentos reais | 68.135 | 0,9 |
| VII | Transferencias de capital | 650.957 | 9,1 |
| TOTAL INGRESOS NON FINANCEIROS | | 6.979.552 | 97,0 |
| VIII | Activos Financeiros | 6.665 | 0,1 |
| IX | Pasivos financeiros | 210.948 | 2,9 |
| TOTAL INGRESOS FINANCEIROS | | 217.613 | 3,0 |
| TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL | | 936.705 | 13,0 |
| TOTAL INGRESOS | | 7.197.165 | 100 |

(Miles de Euros)

## ORZAMENTO DE INGRESOS DE ADMINISTRACIÓN XERAL

| CAPÍTULOS | | 2002 |
|---|---|---|
| I | Impostos directos | 800.602.815 |
| II | Impostos indirectos | 1.700.474.516 |
| III | Taxas, prezos e outros ingresos | 145.414.877 |
| IV | Transferencias correntes | 3.480.032.230 |
| V | Ingresos patrimoniais | 9.465.935 |
| TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES | | 6.135.990.373 |
| VI | Alleamento de investimentos reais | 601.012 |
| VII | Transferencias de capital | 635.541.538 |
| TOTAL INGRESOS NON FINANCEIROS | | 636.142.550 |
| VIII | Activos Financeiros | 6.010.000 |
| IX | Pasivos financeiros | 210.947.637 |
| TOTAL INGRESOS FINANCEIROS | | 216.957.637 |
| TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL | | 847.090.187 |
| TOTAL INGRESOS | | 6.989.090.560 |

## FONDOS EUROPEOS

A nosa Comunidade Autónoma recibirá no ano 2002 un total de 475.096.736 euros procedentes de fondos da Unión Europea.

A meirande suba da anualidade de 2002 correspóndelle ó Fondo de Cohesión, destinado a actuacións no ámbito das infraestructuras e de protección do medio ambiente. Este fondo ascende a 30.814.789 euros, fronte ós 22.303.559 euros do ano anterior. Este incremento débese fundamentalmente a que no ano 2001 entrou en vigor o novo Marco de Apoio Comunitario 2000/2006, que supuxo a licitación e inicio de moitos proxectos, que no ano 2002 se encontran en fase de execución.

O Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional tamén se incrementa considerablemente, ó pasar dos 165.927.421 euros de 2001 ós 169.428.715 euros para 2002.

Aínda que non se trata dun fondo procedente da Unión Europea, xa que provén da Administración Central do Estado, cómpre facer mención neste apartado do Fondo de Compensación Interterritorial. O FCI supón un total de 140.595.242 euros, que experimenta un lixeiro incremento con respecto á cifra presupostada para 2001, que era de 139.711.273 euros.

| TIPO DE FONDO | 2002 |
|---|---|
| FEDER | 169.428.715 |
| FSE | 37.994.751 |
| IFOP | 77.061.384 |
| FONDO COHESIÓN | 30.814.789 |
| FEOGA | 159.797.097 |
| TOTAL | 475.096.736 |

# 9. NOVIDADES LEXISLATIVAS

## 9. NOVIDADES LEXISLATIVAS

A Lei de Medidas de Réxime Fiscal e Administrativo, ou "Lei de Acompañamento", inclúe este ano interesantes novidades fiscais, tales como a reducción na base impoñible do Imposto sobre Sucesións e Doazóns para empresas individuais e explotacións agrarias, e a ampliación dos supostos nas deduccións fiscais ás familias. A Lei contempla ademais a creación dunha Axencia para a xestión integrada, calidade e avaliación profesional, dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

A Comunidade Autónoma Galega utilizou a capacidade normativa no Imposto sobre Sucesións e Doazóns para a mellora do tratamento fiscal das transmisións "mortis causa" das explotacións agrarias e das empresas de reducida dimensión. Establécese así unha reducción do 99 por cento nos casos de adquisición "mortis causa" na que estea incluído o valor dunha explotación agraria situada en Galicia, cando concorran certos requisitos. Naqueles casos de adquisición "mortis causa" nas que estea incluído o valor dunha empresa individual ou dun negocio profesional co centro de xestión radicado en Galicia, tamén se aplicará esta reducción.

Con respecto ás novidades fiscais en beneficio das familias, a Lei de Acompañamento amplía as deduccións por nacemento de fillos a tres anos, englobando así o concepto de coidado dos fillos por parte dos proxenitores, e fixa unha escala gradual da súa contía en función do nivel de ingresos do contribuínte. A consecuencia desta medida, desaparece a deducción anterior por coidado de fillos vinculada á existencia dunha persoa empregada do fogar.

Deste xeito, a contía da deducción para o ano do nacemento ou adopción dun fillo é de 240 euros con carácter xeral e, no caso de parto múltiple, esta deducción ascenderá a 300 euros por cada fillo. Nos dous anos seguintes establécense dous tipos de deduccións en función dos ingresos familiares:

Unha deducción de 240 euros para aquelas rendas que oscilen entre 21.035 e 30.050 euros anuais.

Unha deducción de 300 euros para aquelas rendas inferiores ós 21.035 euros anuais.

Estas novas deduccións supoñen un incremento con respecto á situación anterior, xa que nos pasados anos a deducción máis habitual era por nacemento do primeiro fillo (120,2 euros) ou segundo fillo (180,3 euros). Cómpre subliñar que esta medida fiscal ten carácter retroactivo, xa que poderán acollerse a ela aqueles contribuíntes ós que xa se lles aplicara a deducción por nacemento de fillos en 2000 e 2001.

A nova Lei actualiza tamén as deduccións correspondentes ás familias numerosas. No caso das familias de primeira categoría, o incremento é dun 10 por cento, pasando a contar cunha deducción de 200 euros. As familias de segunda categoría terán unha deducción de 280 euros, e as de categoría de honra unha deducción de 380 euros. Á parte das melloras fiscais, aqueles contribuíntes con rendas máis baixas que non teñan obriga de realizar a declaración do Imposto sobre a Renda poderán acceder a unha axuda directa de 300 euros.

Outra novidade fiscal refírese ó Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados. Este imposto eleva o tipo do 0,5 ó 1% nos documentos notariais que deben ser obxecto de inscripción no Rexistro da Propiedade Mercantil e da Propiedade Industrial, entre os que se encontran as segregacións e agrupacións de fincas, a declaración de obra nova, a división horizontal da propiedade, as transmisións realizadas por empresarios e suxeitas ó IVE e os préstamos hipotecarios concedidos por entidades financeiras. Sen embargo, co fin de favorece-los supostos vinculados á compra da primeira vivenda habitual, o incremento será menor nas primeiras copias de escrituras que documenten a primeira adquisición de vivenda ou a constitución de préstamos hipotecarios destinados ó seu financiamento, e quedará no 0,75 por cento.

Outras modificacións lexislativas que se encontran na Lei de Medidas de Réxime Fiscal e Administrativo afectan á Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia. Entre outras modificacións, cómpre destacar que se establece a lotería instantánea electrónica como unha modalidade de xogo a incluír no catálogo das modalidades autorizadas.

Por outra parte, a Lei de Acompañamento prevé a creación da Axencia para a xestión integrada, calidade e avaliación profesional. Esta Axencia, que estará adscrita á Consellería de Educación e Ordenación

Universitaria, encargarase da xestión integrada do sistema de cualificación, formación e orientación profesional, a mellora da súa calidade e a coordinación dos centros integrados de formación profesional.